DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 18 | Xoves, 26 de xaneiro de 2023 | Páx. 8940

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ORDE do 29 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, financiadas co instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI), para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2023 (códigos de procedemento MR404A, MR405A e MR405B).*

O Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, que establece axudas para apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, e o Regulamento (UE) nº 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias, constitúen o marco normativo de referencia.

Coa finalidade de mellorar os resultados económicos das explotacións agrarias e facilitar a súa reestruturación e modernización, así como facilitar a entrada no sector agrario de agricultores axeitadamente formados e, en particular, a remuda xeracional, dado que esta incorporación require a realización de fortes gastos e investimentos por parte da persoa moza que en ocasións non farían viable esa incorporación se o esforzo económico tivese que soportalo integramente a persoa moza, apróbase o Programa de desenvolvemento rural de Galicia (PDR) 2014-2020 mediante a Decisión de execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015, modificado pola Decisión de execución da Comisión C (2021) 4527 final, do 17 de xuño de 2021.

O Regulamento (UE) nº 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI) para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, dispón recursos adicionais para os anos 2021 e 2022 co obxectivo de afrontar as repercusións da crise da COVID-19 e as súas consecuencias no sector agrícola e nas zonas rurais.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

O Regulamento (UE) nº 2020/2220 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de decembro de 2020, polo que se establecen determinadas disposicións transitorias para a axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) nos anos 2021 e 2022, e polo que se modifican os regulamentos (UE) nº 1305/2013, (UE) nº 1306/2013 e (UE) nº 1307/2013 no que respecta aos seus recursos e á súa aplicación nos anos 2021 e 2022, e o Regulamento (UE) nº 1308/2013 no que respecta aos recursos e a distribución da dita axuda nos anos 2021 e 2022, establece que as medidas para facer fronte ao impacto da crise da COVID-19 na agricultura e no desenvolvemento rural se executarán a través de medidas que poidan beneficiarse do Feader.

O importe asignado de fondos EURI para o desenvolvemento rural incorpórase para a súa xestión no PDR de Galicia 2014_2020 mediante a Decisión de execución da Comisión C (2021) 4527 final, do 17 de xuño de 2021. Estes fondos contan cun 100 % de financiamento UE.

Considerando que os potenciais beneficiarios destas liñas de subvención presentan unhas características derivadas do exercicio dunha actividade profesional e tendo en conta, ademais, que a maioría dos produtores agrarios deben empregar medios electrónicos para cumprir coas súas obrigacións de información e contan co equipamento habitual que permite as relacións electrónicas, establécese a obrigatoriedade de que a tramitación destas subvencións se leve a cabo por medios electrónicos, de conformidade co artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, da administración dixital de Galicia.

Por outra banda, a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 8 de abril de 2022, como marco da política galega de I+D+i para este período, ten entre as súas prioridades a modernización dos sectores tradicionais galegos a través da introdución de innovacións que incidan na mellora da eficiencia e o rendemento no uso dos recursos endóxenos e a súa reorientación cara a usos alternativos con maior valor engadido en actividades agrarias (entre outras).

No que atinxe aos retos da RIS3, as actuacións obxecto destas bases reguladoras encaixarían no reto 1, nas tres prioridades, no obxectivo estratéxico 2 e no programa Innova e Emprende.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

subvencións de Galicia, e no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas e convocar para o ano 2023 as seguintes liñas de axuda incluídas no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, en réxime de concorrencia competitiva:

a) Medida 4. Investimentos en activos físicos.

– Submedida 4.1. Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas (código de procedemento MR405A. Axudas para investimentos nas explotacións agrarias).

b) Medida 6. Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais.

– Submedida 6.1. Creación de empresas para as persoas agricultoras mozas (código de procedemento MR404A. Axudas á incorporación de mozos á actividade agraria).

– Submedida 6.3. Creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións (código de procedemento MR405B. Axudas para o desenvolvemento de pequenas explotacións agrarias).

Estas axudas teñen como finalidade:

a) Incrementar a competitividade e o rendemento global das explotacións mediante a súa modernización.

b) Asegurar a competitividade e a continuidade do tecido agrario.

## CAPÍTULO I
## **Bases reguladoras**

Artigo 2. *Definicións*

Ademais das definicións establecidas na normativa comunitaria e estatal de aplicación, para os efectos desta orde, enténdese por:

1. Persoa agricultora activa: titular dunha explotación agraria que cumpre coas condicións establecidas no capítulo I do título II do Real decreto 1075/2014.



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

2. Persoa agricultora moza: a persoa que, no momento de presentar a solicitude da axuda á primeira instalación, teña feitos os dezaoito anos e non teña máis de corenta anos, conte coa capacitación e a competencia profesionais axeitadas e se estableza nunha explotación agraria por primeira vez como titular desa explotación; poderá establecerse de xeito individual ou xunto con outros agricultores, en calquera forma xurídica.

3. Persoa agricultora profesional: a persoa física que, sendo titular dunha explotación agraria, obteña polo menos o 50 % da súa renda total de actividades agrarias ou doutras actividades complementarias, sempre e cando a parte da renda procedente directamente da actividade agraria da súa explotación non sexa inferior ao 25 % da súa renda total e o volume de emprego dedicado a actividades agrarias ou complementarias sexa igual ou superior á metade dunha unidade de traballo agrario.

Para estes efectos, consideraranse actividades complementarias a participación e presenza da persoa titular, como consecuencia de elección pública, en institucións de carácter representativo, así como en órganos de representación de carácter sindical, cooperativo ou profesional, sempre que estes se atopen vinculados ao sector agrario. Tamén se considerarán actividades complementarias as de transformación dos produtos da explotación agraria e a venda directa dos produtos transformados da súa explotación, sempre e cando non sexa a primeira transformación especificada no punto 1 do artigo 2 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, así como as relacionadas coa conservación do espazo natural e protección do ambiente, o turismo rural ou agroturismo, ao igual que as cinexéticas e artesanais realizadas na súa explotación.

4. Exercer o control da explotación: no caso de persoas mozas que se instalan nunha persoa xurídica, entenderase que a persoa moza exerce o control efectivo sobre a persoa xurídica cando as accións ou participacións da persoa moza supoñan, polo menos, un capital social igual ou superior ao da persoa socia con maior participación e, ademais, formen parte da xunta reitora ou órgano de goberno.

5. Gastos xerais dos proxectos: os custos xerais vinculados ás operacións de investimento, tales como honorarios de enxeñeiros e asesores, honorarios relativos ao asesoramento sobre a sustentabilidade económica e ambiental, incluídos os estudos de viabilidade e plans empresariais, a que se refire o artigo 45.2.c) do Regulamento (UE) nº 1305/2013, non poderán superar o 12 % do custo subvencionable do investimento. Asígnase un 3 % á redacción do proxecto, un 3 % á dirección de obra, un 3 % ao estudo de viabilidade ou plan empresarial e un 3 % ao asesoramento.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

6. Pequena explotación: aquela explotación que figure inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, cuxa renda unitaria de traballo (RUT) se atope entre os seguintes parámetros:

– Mínimo: a renda unitaria de traballo que se obteña será igual ou superior ao 15 % da renda de referencia ou unha superficie agraria maior ou igual a 2 ha.

– Máximo: a renda unitaria de traballo que se obteña será inferior ao 35 % da renda de referencia.

7. Explotación agraria de nova creación: para os efectos de cualificar a instalación das persoas mozas nunha explotación de nova creación, terase en conta que o punto de partida da súa creación sexan elementos de explotación que non formen ou formasen parte doutra explotación agraria, agás que sexa unha explotación que se atope en estado de baixa, ou no proceso para considerala de baixa para efectos administrativos, e se proceda á súa adquisición.

No caso de que unha ou varias persoas mozas se vaian instalar con outras persoas socias nunha entidade xurídica titular dunha explotación, a dita explotación será de nova creación cando ningún dos ditos socios sexan titulares doutra explotación agraria.

8. Data de establecemento: data en que o solicitante realiza ou completa unha acción ou accións relacionadas co proceso de instalación.

9. Data de instalación: data en que se dá por finalizado o proceso de instalación.

10. Proceso de instalación dun persoa moza: este proceso iníciase cando se realice ou complete algunha das seguintes accións:

– Alta na Axencia Tributaria, na actividade agraria.

– Alta no réxime especial dos traballadores autónomos, no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios incluído no dito réxime, ou no correspondente réxime da Seguridade Social pola súa actividade agraria.

– Alta no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia como titular ou socio dunha entidade asociativa titular dunha explotación agraria.

– Estar totalmente subscrito e desembolsado o capital social que lle corresponda á persoa moza, se for o caso.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

O proceso darase por finalizado, entendéndose que a persoa moza está instalada, cando se completen todas as accións.

11. Proxectos de innovación: entenderase que un proxecto é de carácter innovador se cumpre algún dos seguintes requisitos:

– Proxecto singular.

– Posta en marcha dunha nova tecnoloxía, creación de novos produtos ou mellorados que incorporen trazos específicos locais.

– Métodos de cooperación conxunta relacionados co aproveitamento das superficies agrarias de forma sustentable económica e ambientalmente.

O carácter innovador poderá estar presente no contido técnico do proxecto (no produto, no procedemento de obtención ou noutro elemento) ou na forma de organización e participación dos axentes locais no proceso de toma de decisións e de aplicación do proxecto. A condición de innovador dun proxecto deberá ser acreditada mediante a pertenza a Asociación Europea para a Innovación en materia de produtividade e sustentabilidade agrícola a través da participación nun grupo operativo, conforme o artigo 35.1.c) e os artigos 56 e 57 do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda para o desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ou que a Axencia Galega de Innovación (Gain) acredite ese carácter innovador. Asemade, para ser considerado innovador, en todo caso o proxecto deberá estar aliñado cos retos e prioridades da Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2021-2027.

12. Rendemento global da explotación: a mellora das explotacións agrarias en termos de mellora do rendemento global suporá unha mellora integral e duradeira na economía da explotación. O plan de viabilidade que se elabore deberá demostrar, mediante cálculos específicos, que os investimentos materiais ou inmateriais están xustificados desde o punto de vista da situación da explotación e da súa economía e que a súa realización suporá unha mellora do rendemento global da explotación. Para estes efectos, considerarase que o plan de viabilidade cumpre as condicións establecidas cando, tras a súa realización, non diminúa a renda unitaria de traballo da explotación ou, nos casos en que se incremente número de UTA, non diminúa a marxe neta desta. Tamén se considerará como investimento que mellore o rendemento global da explotación o que supoña unha mellora nas condicións

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

de traballo ou que mellore as condicións ambientais ou de hixiene e benestar na explotación, sempre que a renda unitaria de traballo non diminúa mais dun 20 %.

13. Unidade de traballo agrario (UTA): o traballo efectuado, de modo directo e persoal, por unha persoa dedicada a tempo completo durante un ano á actividade agraria.

14. Fusión de explotacións: considerarase fusión de explotacións o agrupamento de varios titulares de explotacións agrícolas, persoas físicas ou xurídicas, nunha única explotación, entidade xurídica, nos cinco anos naturais anteriores á presentación da solicitude (data de actualización no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que agrupe os bens e servizos de todas as explotacións fusionadas.

Artigo 3. *Requisitos para todas as persoas beneficiarias*

Ademais dos requisitos específicos establecidos para cada persoa beneficiaria segundo o tipo de axuda que solicite, todas deben:

1. Cumprir a condición de persoa agricultora activa no momento da solicitude. No caso de persoas agricultoras mozas, esta condición deberase cumprir dentro dos 18 meses seguintes á data de instalación.

Este requisito non será aplicable ás persoas beneficiarias da submedida 6.3.

2. Dispoñer dunha contabilidade específica Feader.

3. Con carácter xeral, e de conformidade co establecido nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderán obter a condición de beneficiarias das axudas reguladas nesta orde as persoas ou entidades en quen concorra algunha das circunstancias seguintes:

a) Ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ter sido declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, agás que neste adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ter sido inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

c) Ter dado lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato asinado coa Administración.

d) Estar incursa a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que teñan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Tampouco poderán obter a condición de beneficiarias destas axudas aquelas que teñan débedas en período executivo de calquera outro ingreso de dereito público da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao día no pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

h) Ter sido sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei xeral de subvencións ou a Lei xeral tributaria.

Artigo 4. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal

A solicitude de axuda será cuberta a través da aplicación informática MELLES, a que pode acceder mediante o seguinte enlace: https://melles.xunta.gal/melles/sede

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365).

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

Artigo 5. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 6. *Comezo da subvencionabilidade*

Tanto para a axuda que se solicite pola submedida 4.1, Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, como para os gastos en investimentos necesarios para a posta en marcha da explotación que fan incrementar o importe da axuda da submedida 6.1, Creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, terase en conta que só serán obxecto da axuda os investimentos efectuados despois de ter presentado a correspondente solicitude ao abeiro da presente orde de convocatoria, coa excepción dos gastos xerais dos proxectos, de acordo co punto 2 do artigo 60 do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Nos casos de investimentos en novas construcións ou adecuación de construcións existentes, así como aqueles investimentos que pola súa natureza o precisen, requirirase a realización dunha certificación de non inicio previa.

Artigo 7. *Tramitación e resolución das axudas*

1. Cada xefatura territorial da Consellería do Medio Rural instruirá os expedientes correspondentes ao seu ámbito xeográfico, realizando de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos cales informará o órgano colexiado da admisibilidade dos expedientes.

2. Se a solicitude de axuda non reúne os requisitos previstos, ou non se presenta cos documentos preceptivos, requirirase para que, no prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fai, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución, de conformidade co disposto nos artigos 68.1 e 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Verificado o cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e aplicados os criterios de prioridade por parte do órgano colexiado, a persoa titular da Subdirección Xeral

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

de Explotacións Agrarias formulará a proposta de resolución. Este órgano estará presidido pola persoa titular do Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario e integrado por tres persoas funcionarias dese mesmo servizo con categoría non inferior a xefe/a de negociado, un dos cales actuará como secretario/a.

4. A persoa titular da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, por delegación da persoa titular da consellería, vista a proposta, ditará a correspondente resolución de concesión da subvención e o seu importe previsto, segundo as normas e criterios establecidos nesta orde, no prazo de nove meses contados a partir da data de remate do prazo de solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase e notificase a correspondente resolución, a persoa solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude.

5. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, tendo en conta que a totalidade das solicitudes presentadas fosen valoradas polo órgano colexiado, poderase ditar unha resolución, antes de que finalice o prazo para resolver, respecto daquelas solicitudes que cumpran os requisitos. Con posterioridade, ditaríase outra resolución respecto daquelas solicitudes que estivesen pendentes de resolver.

6. Cada unha das tres submedidas que se convocan ao abeiro da presente orde son analizadas por separado, polo que poderán resolverse de xeito independente.

Artigo 8. *Notificacións*

1. As notificacións de actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico ha-

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

bilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. A notificación da concesión da axuda informará os beneficiarios de que a medida se subvenciona en virtude dun programa cofinanciado polo Feader (submedidas 4.1 e 6.3) ou financiado polo instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI) (submedida 6.1), e da medida e da prioridade do PDR de que se trate.

Artigo 9. *Publicación dos actos*

Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as resolucións de concesión e de denegación, o que producirá os efectos da notificación.

Artigo 10. *Modificación da resolución de concesión*

1. Toda alteración das condicións iniciais para a concesión das axudas previstas nesta orde e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Calquera modificación dos investimentos e/ou gastos aprobados que supoña un cambio de obxectivos ou conceptos, así como de calquera condición específica sinalada na resolución de concesión, requirirá a autorización desta consellería, unha vez presentada a correspondente solicitude xustificativa.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

3. Estas modificacións deberán ser solicitadas, como máximo, 6 meses antes de que remate o prazo de execución. A solicitude destes cambios será anterior á súa execución e, nos casos en que sexa necesario, irá precedida da correspondente certificación de non inicio. Isto supón que os xustificantes do gasto e do pagamento destes novos investimentos e/ou gastos autorizados deberán ter data posterior á dita solicitude ou, se for o caso, á certificación de non inicio.

Estes cambios deberán ser autorizados pola persoa titular da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, por delegación da persoa titular da consellería.

O prazo para resolver estes cambios será de dous meses. Se, transcorrido o prazo para ditar a correspondente autorización, esta non se produce, o beneficiario entenderá denegada a súa petición de cambio de investimento e/ou gasto.

Para a modificación da resolución non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tivesen lugar con posterioridade a ela.

4. Nos casos en que a persoa beneficiaria non execute na súa totalidade o plan de mellora para o cal ten concedida a axuda ou se produzan desviacións substanciais entre o investimento realizado e o aprobado, deberá indicar na solicitude de pagamento os investimentos polos cales a solicita, e a axuda recalcularase segundo corresponda á redución do investimento.

5. A consellería poderá rectificar de oficio a resolución cando dos elementos que figuren nela se deduza a existencia dun erro material, de feito ou aritmético.

6. Os cambios das características técnicas non terán a consideración de modificación. Estes serán validados na certificación, logo de comprobación de elixibilidade e de moderación de custos.

Artigo 11. *Prazo de xustificación e ampliación*

1. O prazo de xustificación destas axudas será:

a) Medida 4. Investimentos en activos físicos.

– Submedida 4.1. Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas. O prazo para executar e xustificar as axudas concedidas baixo esta medida remata o 31 de xullo de 2025.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

b) Medida 6. Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais.

– Submedida 6.1. Creación de empresas para as persoas agricultoras mozas. Esta submedida ten dous prazos de xustificación:

i. Dentro dos 9 meses seguintes á resolución de aprobación, para solicitar o primeiro pagamento, e

ii. Unha vez finalizado o plan empresarial (24 meses dende a data de instalación, sen superar o 31 de xullo de 2025).

– Submedida 6.3. Creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións.

Estas submedida ten dous prazos de xustificación:

i. Dentro dos 9 meses seguintes á resolución de aprobación, para solicitar o primeiro pagamento, e

ii. Unha vez finalizado o plan empresarial (18 meses dende a resolución de aprobación).

2. Atendendo ao artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase conceder unha ampliación do prazo establecido, que non exceda a metade deste, se as circunstancias o aconsellan e se con isto non se prexudican dereitos dun terceiro. Esta ampliación deberá solicitarse, como máximo, dous meses antes de que acabe o prazo de execución.

Tanto a petición das persoas solicitantes como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de xustificación. Os acordos sobre ampliación dos prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso.

3. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado a solicitude de pagamento, requirirase o beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da solicitude no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro das cantidades percibidas e poderá supor a apertura dun expediente sancionador, segundo se establece na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá o beneficiario das sancións que conforme a lei correspondan.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

Artigo 12. *Recursos fronte ás resolucións de subvención*

As resolucións de subvención ditadas ao abeiro desta orde, así como a desestimación presunta de solicitudes, poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as entidades interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que venza o prazo para resolver previsto no artigo 7.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se non o for, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13. *Incompatibilidade das axudas*

1. Estas axudas son incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza, concedida coa mesma finalidade ou para os mesmos investimentos e/o gastos, coa excepción das axudas correspondentes a garantías para préstamos ou derivadas doutros instrumentos financeiro comunitarios nas condicións establecidas no artigo 37 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

Conforme iso, se para os mesmos investimentos se solicita ou concede un préstamo garantido e unha subvención non reembolsable, aplicaranse os límites seguintes:

a) A suma do importe da subvención non reembolsable máis o importe do equivalente de subvención bruta (ESB) do préstamo, calculado conforme o Regulamento (UE) nº 964/2014, non poderá superar as porcentaxes de axuda do investimento subvencionable indicadas no anexo II do Regulamento (UE) nº 1305/2013.

b) A suma do importe do préstamo garantido máis o importe da subvención non reembolsable non poderá superar o importe total do investimento subvencionable.

c) Non se poderá utilizar a subvención para reembolsar o importe do préstamo obtido e o importe do préstamo non se poderá destinar a prefinanciar unha subvención.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

No caso de que supere os límites indicados nas alíneas a) e/ou b), procederase a reducir a subvención non reembolsable concedida na contía necesaria para manter os requisitos de compatiblidade citados.

2. As persoas solicitantes das axudas previstas nesta orde xuntarán, coa solicitude inicial, unha declaración do conxunto de todas as solicitudes de axuda efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto polas distintas administracións públicas.

3. Así mesmo, coa xustificación da execución total do proxecto e, en todo caso, antes do pagamento final, presentarán unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 14. *Reintegro da axuda*

1. Procederá o reintegro total do importe da axuda máis os xuros de demora correspondentes, ou a parte proporcional que corresponda de acordo co plan de controis, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009 que a desenvolve, tendo en conta as excepcións contidas.

2. Procederá o reintegro ou a penalización correspondente de acordo cos respectivos plans de controis nas seguintes circunstancias:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedirían.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente dos gastos xustificativos dos investimentos subvencionados.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na lei.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas aos beneficiarios, así como dos compromisos asumidos por estes, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas dos beneficiarios, así como dos compromisos asumidos por estes, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

3. Durabilidade dos investimentos: deberá reembolsarse a axuda ou a parte proporcional que corresponda se, nos cinco anos seguintes ao pagamento final ao beneficiario, se produce calquera das seguintes circunstancias:

a) Cesamento ou relocalización da actividade produtiva fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Cambio da propiedade do elemento que proporcione a un terceiro unha vantaxe indebida.

c) Cambio substancial que afecte a natureza, os obxectivos ou as condicións de execución da operación, de xeito que se menoscaben os obxectivos orixinais.

4. No caso dun pagamento indebido, atendendo ao disposto no artigo 7 do Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, o beneficiario quedará obrigado a reembolsar o importe en cuestión, ao cal se engadirán, se for o caso, os xuros, que se calcularán en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

5. Non procederá o reintegro das axudas percibidas cando o incumprimento dalgún dos requisitos exixidos ao beneficiario sexa debido a algunha das seguintes causas de forza maior:

a) Falecemento do beneficiario.

b) Incapacidade laboral de longa duración do beneficiario.

c) Catástrofe natural grave que afecte considerablemente a explotación.

d) Destrución accidental dos edificios para o gando da explotación.

e) Epizootia ou enfermidade vexetal que afecte unha parte ou á totalidade do gando ou dos cultivos, respectivamente, do beneficiario.

f) Expropiación da totalidade ou dunha parte importante da explotación, se esta expropiación non era previsible o día en que presentou a solicitude.

6. Tampouco se producirá o reintegro cando, durante o período de compromiso contraído como condición para a concesión dunha axuda, a persoa beneficiaria transfira a súa explotación a outra persoa que cumpra os requisitos exixidos, e esta asuma os compromisos e obrigas durante a parte restante do devandito período. De non asumirse o compromiso, a persoa beneficiaria estará obrigada a reembolsar o importe que corresponda das axudas percibidas.

7. En materia de reintegro da axuda tamén será de aplicación a normativa comunitaria establecida no Regulamento (UE) nº 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, polo que se completa o Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao sistema integrado de xestión e control e ás condicións sobre a denegación ou retirada dos pagamentos e sobre as sancións administrativas aplicables aos pagamentos directos, á axuda ao desenvolvemento rural e á condicionalidade, e no Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, ás medidas de desenvolvemento rural e á condicionalidade e a modificación realizada a este polo Regulamento de execución (UE) 2017/1242 da Comisión, do 10 de xullo de 2017.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

Artigo 15. *Controis, reducións, exclusións e sancións*

1. A Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias será a responsable de efectuar os controis en aplicación do Regulamento delegado (UE) nº 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, polo que se completa o Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao sistema integrado de xestión e control e ás condicións sobre a denegación ou retirada dos pagamentos e sobre as sancións administrativas aplicables aos pagamentos directos, á axuda ao desenvolvemento rural e á condicionalidade, e no Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, ás medidas de desenvolvemento rural e á condicionalidade e a modificación realizada a este polo Regulamento de execución (UE) 2017/1242 da Comisión, do 10 de xullo de 2017.

En todo caso, os controis levaranse a cabo tendo en conta o Plan galego de controis Feader das medidas non establecidas no ámbito do sistema integrado para o período 2014-2020.

Os incumprimentos poderán derivar nos seguintes tipos de penalizacións:

a) Redución: diferenza entre o importe da solicitude de pagamento e o importe determinado ou admisible tras os controis;

b) Sanción: penalización que se aplica ao importe determinado ou admisible tras os controis;

c) Exclusión da axuda e, en determinados casos, do dereito a participar na mesma medida ou liña de axudas;

2. Os pagamentos calcúlanse sobre a base do que se considera elixible durante os controis administrativos. A autoridade competente examinará a solicitude de pagamento presentada polo beneficiario e determinará os importes admisibles. Ademais, fixará:

a) O importe pagadoiro ao beneficiario en función da solicitude de pagamento e da decisión de concesión.

b) O importe pagadoiro ao beneficiario tras o exame da admisibilidade do gasto que figure na solicitude de pagamento.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

Se o importe fixado consonte a letra a) supera o importe fixado consonte a letra b) en máis do 10 %, aplicarase unha sanción administrativa ao importe fixado consonte a letra b). O importe da sanción será igual á diferenza entre eses dous importes, pero non irá máis aló da retirada total da axuda.

Non obstante, non se aplicarán sancións cando o beneficiario poida demostrar, á satisfacción da autoridade competente, que non é responsable da inclusión do importe non admisible ou cando a autoridade competente adquira doutro xeito a convicción de que o beneficiario non é responsable diso.

A sanción administrativa mencionada aplicarase, *mutatis mutandis*, aos gastos non admisibles detectados durante os controis sobre o terreo.

3. Na fase de control administrativo do pagamento da axuda verificarase que se cumpren os condicionantes para obter a puntuación aplicada na concorrencia competitiva para a aprobación dos expedientes. Se non se acada a puntuación de aprobación establecida polo órgano colexiado na fase de aprobación, suporá un incumprimento dos compromisos da aprobación e terá como consecuencia a perda do dereito á axuda.

4. Antes do pagamento das axudas, as persoas beneficiarias deberán acreditar de novo a xustificación de estaren ao día nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e de non teren ningunha débeda pendente de pagamento coa Administración da Comunidade Autónoma.

5. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, aos beneficiarios destas axudas seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei xeral de subvencións e nos artigos 50 a 68 da Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG nº 121, do 25 de xuño), de subvencións de Galicia.

Artigo 16. *Obriga de facilitar información*

Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento lles poidan exixir os órganos competentes da Consellería do Medio Rural, os beneficiarios das axudas teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas


XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

públicas, así como a que lles sexa solicitada por calquera órgano de inspección ou control do Estado ou da Unión Europea.

A presentación da solicitude de concesión da subvención por parte da persoa solicitante comportará a autorización á autoridade de xestión, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que a dita autoridade de xestión delegue, para consultar a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento dos obxectivos e prioridades, de conformidade co disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Artigo 17. *Publicidade das axudas*

1. Nos instrumentos de información e difusión que utilice a Consellería do Medio Rural farase constar que estas axudas están cofinanciadas nas seguintes porcentaxes:

– Submedida 4.1. Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas: 7,50 % pola Administración xeral do Estado, nun 17,50 % pola Xunta de Galicia e nun 75 % polo fondo Feader.

– Submedida 6.1. Creación de empresas para as persoas agricultoras mozas: 100 % a través do instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI) no marco do PDR 2014-2020.

– Submedida 6.3. Creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións: 7,50 % pola Administración xeral do Estado, nun 17,50 % pola Xunta de Galicia e nun 75 % polo fondo Feader.

2. A notificación da concesión da axuda informará os beneficiarios do financiamento (cofinanciado polo Feader ou financiado polo EURI), da medida e da prioridade do PDR de que se trate.

3. Conforme o establecido no Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e a súa posterior modificación mediante o Regulamento de execución (UE) nº 669/2016 da Comisión, do 28 de abril de 2016, o beneficiario das axudas deberá cumprir coa normativa

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mfkueykph36

sobre información e publicidade das axudas do Feader indicadas no anexo III do referido regulamento. Así:

a) En todas as actividades de información e comunicación que se desenvolvan, o beneficiario deberá recoñecer o apoio do Feader ou do EURI mostrando:

– O emblema da Unión.

– Unha referencia á axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural ou ao instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI), de ser o caso.

b) Durante a realización da operación, o beneficiario informará o público da axuda obtida do Feader ou do EURI da seguinte forma:

– Presentando no sitio web do beneficiario para uso profesional, no caso de que exista tal sitio, unha breve descrición da operación cando poida establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web, e a axuda prestada pola operación, en proporción ao nivel de axuda cos seus obxectivos e resultados e destacando a axuda financeira da Unión.

– No caso de operacións que reciban unha axuda pública total superior a 50.000 euros, colocando ao menos un panel ou unha placa con información sobre o proxecto e cos requisitos especificados no anexo V, onde se destaque a axuda financeira recibida da Unión, nun lugar ben visible para o público, así como a bandeira europea e o lema Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: «Europa inviste no rural», nun lugar ben visible para o público.

Cando o obxecto da axuda sexa maquinaria, equipamento informático, de telecomunicacións ou calquera outro ben no que, pola súa estrutura ou tamaño, non sexa posible identificar unha localización adecuada, o cartel ou placa poderá ser substituído por un adhesivo ou impresión no que, polo menos, figure a bandeira da UE, o fondo e o lema.

Os carteis, paneis, placas e sitios web levarán unha descrición do proxecto ou da operación, e os elementos (bandeira europea e lema Feader Fondo Europea Agrícola de Desenvolvemento Rural ou instrumento de recuperación da Unión Europea EURI) ocuparán, como mínimo, o 25 % do cartel, placa ou páxina web.

Artigo 18. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 19. *Xustificantes do gasto dos investimentos*

1. Os xustificantes do gasto consistirán, de forma xeral, nas facturas acreditativas dos investimentos, que cumpran as exixencias que establece a Axencia Tributaria (Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro).

2. As facturas deberán cumprir, como mínimo, os seguintes requisitos:

a) Número e, se é o caso, serie.

b) A data da súa expedición.

c) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.

d) Número de identificación fiscal atribuído pola Administración española ou, se é o caso, pola doutro Estado membro da Comunidade Europea, co cal realizase a operación o obrigado a expedir a factura.

e) Domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.

f) Descrición das operacións, con consignación de todos os datos necesarios para a determinación da base impoñible do imposto, correspondente a aquelas, e o seu importe, incluído o prezo unitario sen imposto das ditas operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no devandito prezo unitario.

g) O tipo impositivo ou tipos impositivos, se é o caso, aplicados ás operacións.

h) A cota tributaria que, se é o caso, lle repercuta deberá consignarse por separado.

i) A data en que se efectuasen as operacións que se documentan, sempre que se trate dunha data distinta á de expedición da factura.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

j) No caso de que unha operación estea exenta ou non suxeita ao IVE, especificarase o artigo da normativa referida ao IVE que así o recoñece.

k) Só se considerará subvencionable a base impoñible que figure na factura. O IVE non será subvencionable.

l) Non se admitirán como xustificantes de gasto albarás, notas de entrega, facturas pro forma, tíckets, nin as facturas que non conteñan todos os requisitos citados para a súa consideración como tal ou cuxa data non se axuste aos prazos citados.

m) Unha partida do orzamento auxiliable poderá xustificarse mediante unha ou varias facturas relativas aos conceptos de gasto incluídos na dita partida, sempre que a dita partida admita a desagregación en distintos conceptos.

3. O xustificante do pagamento de facturas realizarase mediante a presentación da factura, e os documentos xustificativos que aseguren a efectividade do pagamento; non se admitirán pagamentos en metálico.

Considéranse documentos xustificativos do pagamento das facturas os seguintes:

a) Xustificante bancario do pagamento por parte do beneficiario (transferencia bancaria, ingreso de efectivo na entidade, certificación bancaria), en que conste o número da factura obxecto de pagamento, a identificación do beneficiario que paga e do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

b) Se o pagamento se instrumenta mediante efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio, etc.) achegarase a factura xunto coa copia do efecto mercantil, acompañado da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto, etc.) en que conste claramente que o dito efecto foi efectivamente cargado na conta do beneficiario dentro do prazo de xustificación.

c) No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas imputadas ao proxecto, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas obxecto deste.

d) No caso dunha factura cuxo pagamento se xustifique mediante varios documentos de pagamento, cada un destes deberá facer referencia á factura a que se imputa o pagamento, e xuntarase unha relación de todos os documentos de pagamento e importes acreditativos do pagamento desa factura.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

e) No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, deberá identificarse claramente no documento de pagamento a factura ou facturas cuxo pagamento se imputa ao proxecto.

f) No caso de facturas en moeda estranxeira, deben xuntarse os documentos bancarios de cargo en que conste o cambio utilizado.

g) Non se admitirán en ningún caso como xustificantes os documentos acreditativos obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos para a súa verificación por parte de terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

## CAPÍTULO II
## **Convocatoria**

Artigo 20. *Convocatoria*

Convócanse para o exercicio orzamentario 2023, con carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva e de acordo coas bases reguladoras establecidas no capítulo I desta orde, as seguintes axudas:

a) Medida 4. Investimentos en activos físicos.

– Submedida 4.1. Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas.

b) Medida 6. Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais.

– Submedida 6.1. Creación de empresas para as persoas agricultoras mozas.

– Submedida 6.3. Creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións.

Esta orde regula os procedementos administrativos seguintes:

a) MR404A Axudas á incorporación de persoas mozas á actividade agraria.

b) MR405A Axudas para investimentos nas explotacións agrarias.

c) MR405B Axudas para o desenvolvemento de pequenas explotacións agrarias.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

Artigo 21. *Prazo de solicitude das axudas*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes. Una vez rematado o prazo de solicitude e antes da aprobación, non se admitirán cambios no referente aos investimentos ou aos criterios de prioridade.

As persoas solicitantes deberán ter en conta que, mentres non adquiran a condición de beneficiarias coa aprobación da axuda, non poderán transferir a solicitude a outra persoa física ou xurídica aínda no suposto de que esta cumpra os requisitos e asuma os compromisos. Exceptúase o cambio de personalidade xurídica cando esta non implique ningún cambio na participación ou composición da persoa solicitante.

Artigo 22. *Presentación dos permisos administrativos*

Para esta convocatoria, as obras e construcións que precisen da correspondente licenza municipal deberán contar con ela, de acordo co establecido na normativa urbanística. Para iso deberán presentar a concesión da licenza municipal, como máis tarde, o 30 de setembro de 2023. O mesmo prazo se establece para o caso de investimentos que deban contar con calquera outro permiso administrativo, de acordo coa correspondente normativa sectorial. O non cumprimento destes requisitos suporá a denegación da axuda.

Artigo 23. *Financiamento das axudas*

1. O financiamento das axudas recollidas na presente orde, cofinanciadas con fondos Feader nunha porcentaxe do 75 % (axudas para investimentos nas explotacións agrarias e axudas para o desenvolvemento de pequenas explotacións agrarias) e financiadas ao 100 % a través do instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI) no marco do PDR 2014-2020 (axudas á creación de empresas para as persoas agricultoras mozas), efectuarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) 14.04.712B 772.0 (CP 2016 00182), para as axudas previstas aos investimentos nas explotacións agrarias; para o ano 2023, 2.050.000 euros; para o ano 2024, 2.050.000 euros e para o ano 2025, 16.400.000 euros. En total, 20.500.000 euros.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

b) 14.04.712B 772.0 (CP 2022 00137) para as axudas previstas á primeira instalación de persoas agricultoras mozas; para o ano 2023, 1.600.000 euros; para o ano 2024, 8.300.000 euros e para o ano 2025, 6.600.000. En total, 16.500.000 euros.

c) 14.04.712B 772.0 (CP 2016 00185) para as axudas previstas ao desenvolvemento de pequenas explotacións; para o ano 2023, 187.500 euros; para o ano 2024, 937.500 euros e para o 2025, 750.000 euros. En total, 1.875.000 euros.

2. Estas aplicacións orzamentarias poderanse incrementar, segundo se establece no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de se xerar, ampliar ou incorporar crédito, ou coa existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito incluído no mesmo programa.

3. No suposto de existir remanente na liña de axudas aos investimentos nas explotacións agrarias, poderíase utilizar para financiar as solicitudes da liña de axudas ao desenvolvemento de pequenas explotacións, e viceversa.

4. Esta orde tramítase conforme o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000, así como ao establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Orde do 25 de outubro de 2001, polo que queda condicionada á aprobación da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

5. Non obstante, do orzamento total dispoñible para cada submedida de axudas prevista reservarase un 10 % do importe total previsto para as solicitudes que reúnan unha das características seguintes:

a) Que a persoa solicitante estea incluída no marco da proposta seleccionada para o desenvolvemento dunha aldea modelo declarada en virtude dos acordos do Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ao abeiro da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e das que se declaren ao abeiro da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

b) Que a persoa solicitante sexa un axente promotor produtivo dun polígono agroforestal respecto do cal se publicase o acordo de iniciación do procedemento para a súa aprobación no *Diario Oficial de Galicia*, nos termos previstos no artigo 83 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

As solicitudes destas características serán resoltas en primeiro lugar ata o importe máximo indicado do 10 % en cada unha das submedidas de axudas. No caso de que este importe non sexa suficiente para aprobar todas esas solicitudes, aprobaranse as de maior puntuación co límite do crédito dispoñible, en cada submedida. No caso de que, na última solicitude por aprobar, o importe citado non sexa suficiente para conceder a totalidade da axuda a que tería dereito, aumentarase o citado importe na cantidade necesaria para que poida ser así.

As solicitudes que reúnan estas características e non sexan aprobadas entrarán a formar parte do proceso de selección das restantes solicitudes da convocatoria en cada submedida, en igualdade de condicións.

### *Sección 1ª. Creación de empresas para as persoas agricultoras mozas*

Artigo 24. *Requisitos dos beneficiarios*

1. As persoas que desexen acceder ás axudas á incorporación de persoas agricultoras mozas á actividade agraria (procedemento MR404A) deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter entre 18 e 40 anos de idade, ambos incluídos.

b) Cumprir a condición de persoa agricultora profesional dentro dos 18 meses seguintes á data de instalación.

c) Posuír o nivel de capacitación profesional suficiente no momento da solicitude da axuda, segundo se establece no Decreto 200/2012, do 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, ou comprometerse a adquirilo nun prazo improrrogable de 36 meses desde a data de instalación.

d) A explotación en que se produce a instalación debe alcanzar, cando finalice o seu plan empresarial, unha renda unitaria de traballo igual ou superior ao 35 % da renda de referencia anual e inferior ao 120 % desta.

e) Instalarse nunha explotación que alcance a dimensión física mínima establecida no anexo IV.

f) Presentar un plan empresarial de acordo co anexo IV.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

g) Exercer o control efectivo da explotación.

h) Non ser titular dunha explotación agraria, excepto que:

i. Sendo titular dunha explotación agraria cuxa marxe neta non supera o 20 % da renda de referencia, pase a ser titular dunha explotación prioritaria.

ii. Sendo titular dunha explotación agraria cuns niveis de dedicación de tempo de traballo e de renda unitaria de traballo inferior aos mínimos establecidos para os titulares de explotacións prioritarias, alcance esta consideración en calidade de agricultor a título principal.

i) Non ter declarado rendementos económicos por actividades agrarias en estimación obxectiva ou directa. Exclúense desta consideración os rendementos económicos declarados polo persoa moza que proveñan da recollida e venda esporádica de produtos silvestres ou castañas de souto tradicional, así como a venda de madeira, ou polas excepcións do punto anterior.

j) A data de establecemento pode ser anterior á data de solicitude da axuda, pero en ningún caso procederán estas axudas se o proceso de instalación está rematado antes da solicitude de axuda, excepto os supostos previstos na alínea h).

2. Así mesmo, deberán:

a) Comprometerse por escrito a exercer a actividade agraria durante cinco anos, contados desde a concesión da axuda e, unha vez adquirida a condición de persoa agricultora profesional, mantela ata que finalice este período de compromisos.

b) Comprometerse a ter contratado, e a manter durante todo o período de compromisos, un seguro agrario pertencente ao Plan de seguros agrarios combinados do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, excepto a liña Seguro de retirada e destrución de animais mortos na explotación.

c) Comprometerse a manter a creación de emprego que incrementou a prima básica, durante o período de compromisos.

d) Comprometerse a manter os elementos materiais que formaron parte do volume de gastos que incrementaron a prima base durante o período de compromisos.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Artigo 25. *Modalidades de primeiras instalacións*

1. A primeira instalación dunha persoa agricultora moza deberá realizarse mediante algunha das seguintes modalidades:

a) Modalidade 1: acceso mediante titularidade exclusiva dunha explotación preexistente ou de nova creación.

b) Modalidade 2: acceso mediante cotitularidade dunha explotación agraria.

c) Modalidade 3: integración como persoa socia nunha entidade asociativa, preexistente ou de nova constitución.

d) Modalidade 4: acceso mediante titularidade compartida da explotación.

e) Modalidade 5: acceso cando, sendo titular dunha explotación agraria cuxa marxe neta non supere o 20 % da renda de referencia, pase a ser titular dunha explotación prioritaria.

f) Modalidade 6: acceso cando, sendo titular dunha explotación agraria cuns niveis de dedicación de tempo de traballo e de renda unitaria de traballo inferior aos mínimos establecidos para os titulares de explotacións prioritarias, alcance esta consideración en calidade de agricultor a título principal.

2. Os cónxuxes ou parellas de feito legalmente recoñecidas que acrediten que están en réxime de separación de bens no momento da solicitude serán asimilados ás axudas á primeira instalación de persoas agricultoras mozas nalgunha das modalidades indicadas no punto 1, e poderán ser beneficiarios os dous dependendo da modalidade de instalación. No caso de cónxuxes ou parellas de feito legalmente recoñecidas que estean en réxime de gananciais e que non constituísen titularidade compartida, só poderán ser beneficiarios das axudas á primeira instalación cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando a persoa moza se incorpore nunha explotación en que o titular sexa o seu cónxuxe ou parella de feito legalmente recoñecida, e constitúan unha sociedade entre si, sempre que a explotación proporcione, polo menos, unha RUT do 35 % da renda de referencia para cada un dos membros e ambos coticen como UTA na explotación.

b) Cando se instale por integración como persoa socia dunha entidade asociativa, que sexa resultado da fusión de, polo menos, dúas explotacións preexistentes en funciona-

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

mento, aínda que figure como persoa socia partícipe o outro cónxuxe ou parella de feito legalmente recoñecida, sempre que a explotación resultante proporcione unha RUT para cada persoa moza, polo menos, do 35 % da renda de referencia e ambos os dous coticen como UTA na explotación.

Artigo 26. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Acreditación da persoa representante da súa representación (se for o caso).

b) Un plan empresarial, redactado por un/unha enxeñeiro/a agrónomo/a, enxeñeiro/a técnico/a agrícola ou grao universitario equivalente ou por un equipo multidisciplinar, en que a memoria e os documentos técnicos específicos que fagan referencia a producións, instalacións ou outros datos agrarios os asine o dito técnico (acreditarase titulación). O plan debe incluír:

i. Unha descrición da situación inicial da explotación agrícola, con indicación das fases e obxectivos concretos de desenvolvemento das actividades da nova explotación.

ii. Unha descrición da situación unha vez levado a cabo o plan de empresa, que comprenda, polo menos, os seguintes datos:

– Superficie da explotación, especificando a dos distintos cultivos e cabezas de gando, por especies, e rendementos medios de cada actividade produtiva.

– Maquinaria, equipamento, melloras territoriais e edificios.

– Composición e dedicación da man de obra.

– Plan de produción, que incluirá información relativa á produción bruta de cada actividade produtiva, aos gastos de cada actividade produtiva e gastos fixos do conxunto da explotación.

– Análise económica do proxecto. Esta análise incluirá: previsións económicas, estrutura do financiamento e rendibilidade e previsións de tesouraría.

– Actuacións que se pretende realizar.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 18 Xoves, 26 de xaneiro de 2023 Páx. 8970

iii. Un plan de investimentos (información pormenorizada sobre investimentos e prazos), se for o caso, en que se indiquen as melloras que se pretenden realizar, en que se estableza o seu impacto sobre o cambio climático (emisións de efecto invernadoiro, capacidade de adaptación), que inclúa medidas de aforro e eficiencia enerxética, consumo eficiente de auga, etc., e no cal figure un estudo de impacto ambiental, no caso de que a normativa europea-estatal-autonómica así o exixa, que preste especial atención aos posibles impactos nas zonas incluídas na Rede Natura 2000.

iv. Información pormenorizada, se for o caso, sobre formación, asesoramento ou calquera outra medida necesaria para desenvolver as actividades da explotación agrícola, incluídas as relacionadas coa sustentabilidade ambiental e a eficiencia dos recursos.

O plan deberá estar realizado segundo o anexo IV.

c) Anexo VII (se for o caso).

d) Xustificación do nivel de capacitación profesional suficiente. No caso de títulos oficiais do Ministerio de Educación e Formación Profesional, só se ten que presentar esta documentación no caso de que a persoa solicitante se opoña expresamente á súa consulta.

e) Acreditación da dispoñibilidade da explotación en propiedade, ou en réxime de arrendamento, ou de parzaría ou calquera outra forma conforme dereito que poida demostrar mediante documento liquidado dos correspondentes tributos, se for o caso.

Se o arrendamento se producise no marco dunha explotación activa deberá ser, como mínimo, dunha orientación produtiva ou subexplotación que a formen, incluíndo todos os elementos integrantes necesarios para o funcionamento e a viabilidade da explotación resultante.

f) No caso de instalarse mediante a modalidade 3:

i. Unha certificación expedida polo órgano reitor da entidade, onde se especifiquen as condicións de participación da persoa agricultora moza e a súa contribución, ou documento de compromiso.

ii. Os estatutos da entidade e, se é o caso, as súas modificacións, e a acta de constitución, ou documento de compromiso.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

iii. A relación de socios/as que exercen a dirección técnica e de xestión, ou documento de compromiso.

iv. No caso de sociedade limitadas e sociedades anónimas, certificado do Rexistro Mercantil sobre a situación da sociedade en canto a número de socios, capital social e accións nominativas, ou documento de compromiso.

g) Certificación dun grupo operativo da Asociación Europea de Innovación, para ter os puntos por proxecto innovador establecidos no artigo 28.

h) De querer optar á bonificación da axuda por volume de gasto necesario para instalarse, presentaranse memoria xustificativa e tres ofertas de diferentes provedores por cada un dos investimentos. As ofertas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

i. Deberán proceder de empresas que teñan como obxecto social a fabricación ou subministración dos bens ou servizos incluídos na oferta, agás a compra de terreos e edificacións.

ii. Non poderán proceder de empresas vinculadas entre elas nin co solicitante, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público.

iii. Deberán incluír como mínimo o NIF, nome e enderezo da empresa oferente, o nome ou razón social da empresa solicitante da axuda, a data de expedición e unha descrición detallada dos conceptos ofertados. Para que a descrición dos conceptos se considere detallada deberá incluír, no caso de obra civil e instalacións, a relación pormenorizada e cuantificada das unidades de obra que inclúe, no caso de subministración de maquinaria e equipamentos, a súa marca e modelo, así como características técnicas e, no caso de prestación de servizos, a descrición detallada destes.

Non se considerarán admisibles as ofertas presentadas que non reúnan estes requisitos, o que poderá dar lugar á exclusión como subvencionable do gasto xustificado con esa oferta.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria a elección, baseada nos criterios sinalados, cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. No caso de non ser así, considerarase como importe máximo subvencionable para ese concepto o correspondente á proposta económica máis vantaxosa.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

Para dar cumprimento ao requisito de moderación de custos, que se establece no artigo 48.2.e) do Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, fixaranse no anexo VI custos de referencia, independentemente da exixencia de presentar un mínimo de tres ofertas de distintos provedores.

Os documentos sinalados nas anteriores letras e) e f) poderán ser presentados unha vez aprobada a subvención xunto coa xustificación da realización do plan empresarial. Nestes casos, coa solicitude de axuda á primeira instalación xuntarase un compromiso debidamente asinado.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideren obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Non serán admitidas a trámite as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido nesta convocatoria, nin aquelas que se presenten sen a seguinte documentación mínima, e resolverase a súa inadmisión, que deberá ser notificada á persoa solicitante, nos termos previstos no artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

a) Anexo I de solicitude da axuda debidamente cuberto e asinado.

b) Plan empresarial, que cumpra co establecido no punto 1.b).

c) De querer optar á bonificación da axuda por volume de gasto necesario para instalarse, presentaranse memoria xustificativa e tres orzamentos por cada un dos investimentos. E no caso de ter realizado gastos xerais dos proxectos que solicite seren subvencionados, as facturas cos correspondentes xustificantes de pagamento.

Artigo 27. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI/NIE da persoa solicitante.

b) DNI/NIE da persoa representante.

c) DNI/NIE das persoas socias, se for o caso.

d) NIF das persoas socias da explotación ou titular da explotación, se for o caso.

e) NIF da entidade representante.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

f) Certificado da renda (IRPF) da persoa solicitante e das persoas socias da explotación, se for o caso.

g) Títulos oficiais non universitarios da persoa solicitante.

h) Títulos oficiais universitarios da persoa solicitante e da persoa redactora do plan de empresa.

i) Certificado de residencia da persoa solicitante.

j) Informe de vida laboral da empresa onde se instale a persoa moza.

k) Acreditación da actividade agraria por conta propia da persoa solicitante, UTA e socios da explotación, se for o caso.

l) Informe da vida laboral nos últimos 5 anos da persoa solicitante, UTA e socios da explotación, se for o caso.

m) Certificación de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT da persoa solicitante.

n) Certificación de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social da persoa solicitante.

o) Certificación de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Atriga da persoa solicitante.

p) Inhabilitación para obter subvencións e axudas da persoa solicitante.

q) Concesión doutras subvencións á persoa solicitante.

r) Nivel de renda agraria da persoa solicitante e das persoas socias da explotación, se for o caso.

s) Imposto de actividades económicas ampliado (IAE) da persoa solicitante.

t) Certificado de matrimonio da persoa solicitante.

u) Datos de vehículos do titular da explotación.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio (anexo I), ou no anexo VII se for o caso, e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 28. *Criterios de prioridade*

1. Establécense os seguintes criterios de prioridade, sen prexuízo do establecido no artigo 23:

a) Primeira instalación simultánea cun proxecto apoiado pola submedida 4.1: 8 puntos.

b) Instalación da persoa moza a tempo completo: 6 puntos.

c) Incorporación a un dos instrumentos de recuperación de terras agroforestais definidos e tramitados nos títulos V e VI, respectivamente, da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia: 5 puntos.

Para estes efectos, outorgarase esta puntuación aos proxectos que cumpran, como mínimo, unha das seguintes características:

i. Que a persoa solicitante estea incluída no marco da proposta seleccionada para o desenvolvemento dunha aldea modelo declarada en virtude dos acordos do Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ao abeiro da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e das que se declaren ao abeiro da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

ii. Que a persoa solicitante sexa un axente promotor produtivo dun polígono agroforestal respecto do cal se publicase o acordo de iniciación do procedemento para a súa aprobación no *Diario Oficial de Galicia*, nos termos previstos no artigo 83 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

iii. Que a persoa solicitante presentase unha proposta nun procedemento de concorrencia competitiva para a asignación dunha aldea modelo ou dun polígono agroforestal de iniciativa pública, ou ben unha solicitude para unha actuación de xestión conxunta ou dun polígono agroforestal de iniciativa privada, de acordo co previsto nos títulos V e VI da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. No caso de que, durante a tramitación do correspondente procedemento, a persoa solicitante renuncie á súa proposta ou solicitude, reavaliarase a súa solicitude de axuda, cos efectos que correspondan segundo a nova puntuación que obteña.

d) Instalación nunha explotación incluída no Banco de Explotacións do artigo 15 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación de terra agraria de Galicia: 5 puntos.

e) Instalación nunha explotación ecolóxica ou que alcance tal condición tras levar a cabo o plan empresarial: 4 puntos.

f) Instalación da persoa moza mediante as modalidades 1, 3 ou 4: 4 puntos.

g) Creación de emprego adicional a tempo completo: 4 puntos.

h) Instalación nunha explotación inscrita na sección de explotacións agrarias prioritarias do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia e que no momento da solicitude siga cumprindo os requisitos para iso, ou que cumpra cos requisitos para ser incluída no catálogo: 3 puntos.

i) Localización da explotación nunha zona de montaña, tal e como se definen na medida 13 do PDR 2014-2020: 3 puntos.

j) Muller: 3 puntos.

k) Plan empresarial que inclúe investimentos nun proxecto innovador: 2 puntos.

l) Explotación localizada nunha zona distinta da de montaña con limitacións naturais significativas ou limitacións específicas, tal e como se definen na medida 13 do PDR 2014-2020: 2 puntos.

m) Instalarse nunha explotación socia dunha organización de produtores ou que se compromete a ser socia unha vez finalizado o plan empresarial: 2 puntos.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

n) Instalación nunha explotación que pertenza a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira (ADSG) ou a unha asociación con programa sanitario propio supervisado pola autoridade competente na materia: 1 punto.

o) Instalación nunha explotación que proceda de fusión de explotacións realizada nos últimos cinco anos naturais ou se fusione coa instalación da persoa moza: 1 punto.

2. No caso de empate a puntos, priorizarase segundo a orde indicada nos criterios de selección. De persistir o empate, priorizarase a incorporación da persoa moza que teña máis idade.

3. Para ser admisibles, as solicitudes deberán alcanzar unha puntuación mínima de 10 puntos e, polo menos, dous criterios.

4. A aplicación dos criterios de prioridade realizarase tendo en conta o momento de finalización do prazo de presentación da solicitude de axuda.

Artigo 29. *Contía e tipo de axuda*

A axuda concederase pola execución do plan empresarial e consistirá nunha prima cuxa contía básica, calculada de acordo cunha estimación dos custos da Seguridade Social da persoa moza durante os cinco anos de permanencia mínima na actividade agraria, establecida en 25.000 euros, e poderá incrementarse nas seguintes situacións, sen que a axuda total supere os 70.000 €:

a) De acordo co volume de gasto cuxa necesidade ou conveniencia estea especificada no plan empresarial:

– De 20.000 a 30.000 €: a contía básica increméntase en 12.500 €.

– De 30.001 a 40.000 €: increméntase en 17.500 €.

– De 40.001 a 60.000 €: increméntase en 25.000 €.

– De 60.001 a 80.000 €: increméntase en 31.500 €.

– De 80.001 a 100.000 €: increméntase en 40.500 €.

– Máis de 100.001 €: increméntase en 45.000 €.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

Exclúese a achega ao capital social. Tampouco se considera admisible o investimento de simple substitución; maquinaria de segunda man; custos de conservación e mantemento ou os derivados do funcionamento da explotación; os montes baixos de ciclo curto; maquinaria ou equipamentos relacionados coa transformación e comercialización de produtos agrarios ou forestais; a maquinaria e equipamentos de carácter forestal e as taxas, impostos e licenzas administrativas.

b) Creación de polo menos unha UTA de emprego adicional a tempo completo na explotación durante toda a duración do tempo de compromisos, cinco anos, ademais da man de obra correspondente á persoa moza instalada: 20.000 €.

c) Instalación nunha explotación localizada nunha zona con limitacións naturais ou outras limitacións especificas recollidas no artigo 32 do Regulamento (UE) nº 1305/2013: 5.000 €.

No suposto de que se instalen varias persoa mozas na mesma explotación (plan empresarial conxunto), os incrementos establecidos nas alíneas a), b) e c) repartiranse a partes iguais entre as persoa mozas que se instalen.

Artigo 30. *Xustificación e pagamento da axuda*

A axuda terá carácter de pagamento a tanto global e concederase pola execución do plan empresarial.

O beneficiario deberá solicitar o pagamento da axuda; será cuberta a través da aplicación informática MELLES a que pode acceder mediante a seguinte ligazón: https://melles.xunta.gal/melles/sede, segundo:

a) Unha primeira cota, que solicitará dentro dos 9 meses seguintes á concesión da axuda, correspondente ao 60 % do importe da axuda total, cando se acredite a finalización do proceso de instalación. As solicitudes de pagamento realizaranse a través da Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, empregando a acción «achega de documentación separada da solicitude» e acompañándoa da xustificación de ter finalizado o proceso de instalación. Para a percepción deste pagamento, os beneficiarios estarán exentos da constitución de garantías, en virtude da autorización do Consello da Xunta de Galicia prevista no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.


XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

O importe do conxunto destes pagamentos parciais non poderá exceder a anualidade prevista para o exercicio orzamentario.

b) O importe restante, o 40 %, solicitarase unha vez finalizado o plan empresarial e o seu pagamento estará supeditado á correcta execución do plan empresarial. Para iso presentarase xunto cunha solicitude de pagamento realizada a través da Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, empregando a acción «achega de documentación separada da solicitude», os documentos que acrediten que levou a cabo o seu plan empresarial.

*Sección 2ª. Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas*

Artigo 31. *Requisitos das persoas beneficiarias*

Requisitos das persoas beneficiarias de axudas aos plans de melloras para investimentos nas explotacións agrícolas (procedemento MR405A).

1. Ser titular dunha explotación agraria inscrita, polo menos cunha antigüidade dun ano, no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, de acordo co Decreto 200/2012, do 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, excepto para as persoas mozas que soliciten nesta mesma convocatoria a axuda para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, ou que se produza unha fusión entre diferentes explotacións.

2. Os solicitantes persoas físicas deberán ter dezaoito anos feitos e non ter alcanzado a xubilación.

3. Posuír a capacitación profesional suficiente no momento da solicitude, o cal se acreditará segundo se establece no Decreto 200/2012, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, agás no caso de primeira instalación nesta mesma convocatoria. As persoas xurídicas deberán acreditar que polo menos o 50 % das persoas socias posúe a capacitación suficiente.

4. Comprometerse a exercer a actividade agraria na explotación obxecto da axuda durante, polo menos, cinco anos contados desde a data de pagamento da axuda.

5. Levar a cabo un plan que mellore o rendemento global da explotación.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

6. Cando a explotación pertenza a unha comunidade de bens, esta deberá acreditar a súa constitución e que polo menos o 50 % dos comuneiros ou comuneiras reúne os requisitos establecidos para os titulares persoas físicas, e poderá resultar beneficiaria da axuda, coa condición de que cumpra as exixencias previstas para estas agrupacións no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. A renda unitaria de traballo, no momento de realizar a solicitude, debe ser igual ou superior ao 35 % da renda de referencia, agás que se trate dun plan de mellora dunha persoa agricultora moza que realice nesta mesma convocatoria unha primeira instalación.

8. Non ter ningún expediente desta axuda aprobado en convocatorias anteriores (PDR 2007-2013 e PDR 2014-2020), sen presentar a súa solicitude de pagamento na data de publicación desta orde.

9. Serán denegadas todas aquelas solicitudes nas cales a explotación non requira un volume de traballo equivalente, como mínimo, a unha unidade de traballo agrario, e non alcance a dimensión física mínima establecida no anexo VI.

Artigo 32. *Custos subvencionables*

1. Serán elixibles os investimentos materiais e inmateriais que supoñan unha mellora do rendemento global, a competitividade ou a viabilidade da explotación. En particular:

a) A reforma ou construción de instalacións e compra de maquinaria que supoñan unha redución de custos de produción ou un incremento na produtividade.

b) Os custos xerais vinculados aos gastos recollidos na letra a), tales como honorarios dos enxeñeiros que elaboren os proxectos de construción ou reforma, os estudos de viabilidade, as licenzas de software e outros permisos.

c) A compra de construcións agrarias en desuso. Terán esa consideración aquelas construcións que non formen parte das unidades produtivas doutra explotación agraria ou que pertencesen a unha explotación agraria que se atope en estado de baixa ou inactividade previa á baixa e se poñan en uso e se incorporen no Reaga.

d) A plantación e mellora de cultivos leñosos de aptitude frutícola (árbores e arbustos froiteiros).

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

e) A compra de terreos que non formasen parte da explotación, por un valor inferior ao 10 % do custo subvencionable.

f) A adquisición ou desenvolvemento de programas informáticos.

2. No caso de investimentos que inclúan actuacións de rega, será de aplicación o establecido no artigo 46 do Regulamento (UE) nº 1305/2013. A este respecto, para que estes investimentos sexan elixibles, terán que cumprir as condicións especificadas a seguir:

a) Coherencia coa planificación hidrolóxica e coa Directiva marco da auga; a demarcación hidrográfica en que se localiza a explotación onde se realizará a dotación ou mellora da instalación de rega debe contar cun plan hidrolóxico aprobado e comunicado á Comisión Europea, en termos conformes coa Directiva marco da auga.

A mellora debe ser coherente cos obxectivos, asignacións ou reservas de recursos, programas de medida e demais determinación que conteña o correspondente plan hidrolóxico, que resulten aplicables á agricultura e ao regadío.

b) Sistema de medición do uso da auga; se a operación inclúe a dotación ou mellora dunha instalación de rega, esta debe dispoñer dun contador.

c) Condicións de elixibilidade específicas para proxecto de mellora de instalacións de rega preexistentes:

i. Aforro potencial da auga; este aforro potencial debe superar o 5 % consonte os parámetros técnicos da instalación. Para o cálculo do dito aforro terase en conta:

– A redución de perdas por mellora das conducións dentro da explotación.

– A redución do volume debida ao sistema de aplicación da rega.

– O cambio duradeiro da orientación produtiva das parcelas en que se melloren as instalacións de rega.

ii. Redución da auga empregada polos regadíos preexistentes que afecten masas de auga que non alcanzan o bo estado:

– O investimento deberá garantir unha redución efectiva no uso da auga na instalación de, polo menos, o 50 % do aforro potencial da auga.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

– A redución efectiva apreciarase sobre o volume da auga empregada na instalación, xa sexa procedente dunha infraestrutura de regadío ou procedente dunha captación propia. Esta redución calcularase como diferenza entre a dotación da explotación despois da modernización, e da dotación antes dela, en volume ao ano ($m^3$/ano).

d) Condicións de elixibilidade específicas dos investimentos para a ampliación da superficie regada; so serán subvencionables os investimentos para ampliación da superficie regada da explotación que vaian utilizar recursos procedentes de masas de auga subterráneas ou superficiais avaliadas de acordo coa planificación hidrolóxica en vigor, que cumpran o obxectivo de bo estado de acordo coa planificación hidrolóxica, ou ben que non cumpran por razóns diferentes ás cuantitativas; neste caso, deberán cumprir as condicións da alínea anterior.

e) Investimentos de ampliación de regadío combinados con outros de modernización de instalacións; neste caso, a redución no uso da auga determinarase considerando conxuntamente as dúas instalacións: A (preexistente) e B (nova). Calcularase restando á auga empregada na A antes da modernización, tanto a auga empregada en A despois da modernización como a auga empregada en B.

Deberase cumprir sempre a condición de que a redución conxunta no uso da auga das dúas instalacións A e B dividida entre o aforro potencial derivado da modernización da instalación A orixinal sexa, polo menos, superior a 0,5.

3. Non serán subvencionables os seguintes gastos:

a) O IVE, as taxas, licenzas administrativas ou outros impostos.

b) Os xuros de débeda e os seus gastos

c) Os xuros de demora, recargas, multas coercitivas e sancións administrativas e penais.

d) Os gastos de procedementos xudiciais.

e) Nos casos de alugamento con opción a compra, non serán gastos subvencionables os demais custos relacionados cos contratos, tales como a marxe do arrendador, os custos de refinanciamento dos xuros, gastos xerais, gastos de seguros, etc.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

f) Os gastos de adquisición de dereitos de produción agrícola, de dereitos de axuda, animais, plantas anuais e a súa plantación, os investimentos de simple substitución, a maquinaria de segunda man; os custos de conservación e mantemento ou os derivados do funcionamento da explotación, os montes baixos de ciclo curto, a maquinaria ou investimentos relacionados coa transformación e comercialización, e a maquinaria e investimentos de carácter forestal. Non obstante, a compra de animais poderá ser subvencionable cando teña por obxecto a reconstitución do potencial produtivo afectado por desastres naturais e catástrofes.

g) Os investimentos que se limiten a reparar ou substituír un edificio ou maquinaria existente, sen ampliar a capacidade de produción en máis dun 25 % ou sen introducir cambios fundamentais na natureza da produción ou a tecnoloxía correspondente.

Non terá a consideración anterior a substitución total dun edificio agrario de 30 anos ou máis por outro moderno, nin a renovación xeral dun edificio cando o seu custo supoña, como mínimo, o 50 % do valor do edificio novo.

No caso de adquisición de maquinaria:

i. Non se considerará substitución cando teña máis de 10 anos.

ii. A maquinaria agrícola só será elixible nos casos en que estea claramente xustificada e sexa acorde ao dimensionamento da explotación. En ningún caso se subvencionarán colleitadoras de forraxes autopropulsadas e os seus cabezais, carros mesturadores ou maquinaria de aplicación de xurro mediante sistemas de prato, abano ou canóns.

iii. Cando unha explotación obtivese subvención para a compra de maquinaria nos 10 últimos anos non poderá obter nova subvención para o mesmo tipo de máquina.

4. Para dar cumprimento ao requisito de moderación de custos que se establece no artigo 48.2.e) do Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, fixaranse no anexo VI custos de referencia, independentemente da exixencia de presentar un mínimo de tres ofertas de distintos provedores.

5. Establécese un investimento elixible mínimo de 5.000 € para poder ser subvencionable. O volume total do investimento elixible máximo subvencionable para cada beneficiario será de 120.000 €/UTA, cun máximo de 500.000 €/beneficiario, nun período de catro anos (importes cobrados nos últimos catro anos, desde a data de solicitude de pagamento do

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

expediente ata a data de solicitude da axuda). Poderase destinar, como máximo, un 30 % para a adquisición de maquinaria agrícola. Para o cálculo do investimento máximo, en función do límite máximo por UTA, consideraranse as UTA iniciais excepto que sexan menores na situación prevista, agás que se trate dun plan de mellora dunha persoa agricultora moza que presente simultaneamente unha primeira instalación, onde o límite máximo de investimento por UTA se calculará en función do número de UTA correspondente á situación posterior á instalación.

6. Respecto das condicións de admisibilidade da adquisición de bens mediante fórmulas de financiamento e pagamento que difiren a adquisición da plena propiedade do ben, terase en conta o seguinte:

a) Os bens deberán ser adquiridos polo beneficiario en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de financiamento que condicionen a adquisición da propiedade do ben a un momento posterior (contratos de financiamento de bens con reserva de dominio, *leasing*, etc.), só se consideran subvencionables sempre que os bens pasen a ser da propiedade plena do beneficiario antes da finalización do prazo de xustificación da axuda. En concreto, a adquisición de maquinaria e equipamento a través de operacións de arrendamento financeiro só será subvencionable se o contrato inclúe o compromiso de compra en que se prevexa que o beneficiario chegue a ser propietario da maquinaria ou equipamento de que se trate dentro do prazo límite de xustificación da axuda. O importe máximo subvencionable non superará o valor de mercado do activo arrendado.

b) En ningún caso serán subvencionables outros custos ligados ao contrato de arrendamento financeiro, tales como impostos, marxe do arrendador, custos de refinanciamento dos xuros, gastos xerais ou gastos de seguros.

c) Non serán subvencionables as adquisicións de bens no marco dun sistema de venda e arrendamento retroactivo (*lease-back*).

Artigo 33. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo II) a seguinte documentación:

a) Acreditación da persoa representante (se for o caso).

b) Anexo VII (se for o caso).

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

c) Xustificante da capacitación profesional. No caso de títulos oficiais do Ministerio de Educación e Formación Profesional, só se ten que presentar esta documentación no caso de que a persoa solicitante se opoña expresamente á súa consulta.

d) Documentos acreditativos da constitución da entidade (acta de constitución e estatutos) e, se for o caso, das súas modificacións, debidamente inscritos no rexistro correspondente (se for o caso). Poderá presentarse documento de compromiso.

e) Certificado do número de persoas socias e das que cumpren os requisitos de persoa agricultora profesional (se for o caso).

f) Memoria do plan de mellora, onde se xustificarán os investimentos que se vaian realizar e o rendemento global da explotación.

g) No caso de investimentos en obra civil, proxecto visado (en soporte dixital) elaborado por un/unha técnico/a ou equipo técnico competente (polo menos, deberá formar parte asinando un/unha enxeñeiro/a agrónomo/a, enxeñeiro/a técnico/a agrícola ou grao universitario equivalente), e a xustificación documental da dispoñibilidade da licenza de obras. Así mesmo, no caso de novas construcións, deberase acreditar a dispoñibilidade do terreo ou recinto onde se van realizar os investimentos.

h) Tres orzamentos ou ofertas de diferentes provedores por cada un dos investimentos. As ofertas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

i. Deberán proceder de empresas que teñan como obxecto social a fabricación ou subministración dos bens ou servizos incluídos na oferta, agás a compra de terreos e edificacións.

ii. Non poderán proceder de empresas vinculadas entre elas nin co solicitante, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público.

iii. Deberán incluír, como mínimo, o NIF, nome e enderezo da empresa oferente, o nome ou razón social da empresa solicitante da axuda, a data de expedición e unha descrición detallada dos conceptos ofertados. Para que a descrición dos conceptos se considere detallada deberá incluír, no caso de obra civil e instalacións, a relación pormenorizada e cuantificada das unidades de obra que inclúe; no caso de subministración de maquinaria e equipamentos, a súa marca e modelo, así como características técnicas e, no caso de prestación de servizos, a descrición detallada destes.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

Non se considerarán admisibles as ofertas presentadas que non reúnan estes requisitos, o que poderá dar lugar á exclusión como subvencionable do gasto xustificado con esa oferta.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria a elección, baseada nos criterios sinalados, cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. No caso de non ser así, considerarase como importe máximo subvencionable para ese concepto o correspondente á proposta económica máis vantaxosa.

i) No caso de adquisición de terreos ou bens inmobles, certificado de taxación.

j) As comunidades de bens e as sociedades civís farán constar no anexo II os compromisos de execución asumidos por cada un dos seus membros, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles. Así mesmo, presentarán o documento de nomeamento da persoa representante ou apoderado único, e o xustificante de que se asinou un pacto de indivisión por un período mínimo de cinco anos contados a partir da data de pagamento da axuda.

k) Para ter os puntos por proxecto innovador establecidos no artigo 35, presentarase certificación dun grupo operativo da Asociación Europea de Innovación, atendendo ao exposto no punto 11 do artigo 2.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Non serán admitidas a trámite as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido nesta convocatoria, nin aquelas que se presenten sen a seguinte documentación mínima, e resolverase a súa inadmisión, que deberá ser notificada á persoa solicitante nos termos previstos no artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

a) Anexo II de solicitude da axuda debidamente cuberto e asinado.

b) Memoria do plan de mellora onde se xustifican os investimentos que se pretende realizar.

c) Tres orzamentos por cada investimento solicitado.

Artigo 34. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI/NIE da persoa solicitante.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

b) DNI/NIE da persoa representante.

c) NIF da entidade representante.

d) DNI/NIE das persoas socias, de ser o caso.

e) NIF da entidade solicitante.

f) NIF das persoas socias da explotación, de ser o caso.

g) Títulos oficiais non universitarios da persoa solicitante.

h) Títulos oficiais universitarios da persoa solicitante.

i) Certificado da renda (IRPF) da persoa solicitante e das persoas socias da explotación, de ser o caso.

j) Certificado de residencia da persoa solicitante.

k) Informe de vida laboral da empresa da persoa solicitante.

l) Acreditación de actividade agraria por conta propia da persoa solicitante, das persoas socias e UTA da empresa, de ser o caso.

m) Informe de vida laboral nos últimos 5 anos da persoa solicitante, das persoas socias e UTA da empresa, de ser o caso.

n) Certificación de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT da persoa solicitante.

o) Certificación de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social da persoa solicitante.

p) Certificación de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Atriga da persoa solicitante.

q) Inhabilitación para obter subvencións e axudas da persoa solicitante.

r) Concesión doutras subvencións á persoa solicitante.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

s) Nivel de renda agraria da persoa solicitante e das persoas socias da explotación, de ser o caso.

t) Imposto de actividades económicas ampliado (IAE) da persoa solicitante.

u) Certificado de matrimonio da persoa solicitante.

v) Datos de vehículos da persoa solicitante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio (anexo II), ou no anexo VII, se for o caso, e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 35. *Criterios de prioridade*

1. Establécense os seguintes criterios de prioridade, sen prexuízo do establecido no artigo 23:

a) Explotación vinculada cunha incorporación dunha persoa agricultora moza:

a. Simultaneamente solicita a axuda pola submedida 6.1, Creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, para incorporarse nunha explotación de nova creación ou ten unha axuda desta submedida 6.1 concedida na convocatoria anterior por incorporación dunha persoa moza nunha explotación de nova creación: 15 puntos.

b. Simultaneamente solicita a axuda pola submedida 6.1, Creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, para incorporarse nunha explotación existente ou ten unha axuda desta submedida 6.1 concedida na convocatoria anterior por incorporación dun persoa moza nunha explotación existente: 10 puntos.

c. Produciuse unha incorporación dunha persoa agricultora moza nos últimos cinco anos: 5 puntos.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

b) Incorporación a un dos instrumentos de recuperación de terras agroforestais definidos e tramitados nos títulos V e VI, respectivamente, da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia: 5 puntos.

Para estes efectos, outorgarase esta puntuación aos proxectos que cumpran, como mínimo, unha das seguintes características:

i. Que a persoa solicitante estea incluída no marco da proposta seleccionada para o desenvolvemento dunha aldea modelo declarada en virtude dos acordos do Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ao abeiro da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e das que se declaren ao abeiro da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

ii. Que a persoa solicitante sexa un axente promotor produtivo dun polígono agroforestal respecto do cal se publicase o acordo de iniciación do procedemento para a súa aprobación no *Diario Oficial de Galicia*, nos termos previstos no artigo 83 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

iii. Que a persoa solicitante presentase unha proposta nun procedemento de concorrencia competitiva para a asignación dunha aldea modelo ou dun polígono agroforestal de iniciativa pública, ou ben unha solicitude para unha actuación de xestión conxunta ou dun polígono agroforestal de iniciativa privada, de acordo co previsto nos títulos V e VI da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. No caso de que, durante a tramitación do correspondente procedemento, a persoa solicitante renuncie á súa proposta ou solicitude, reavaliarase a súa solicitude de axuda, cos efectos que correspondan segundo a nova puntuación que obteña.

c) Instalación nunha explotación incluída no Banco de Explotacións do artigo 15 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación de terra agraria de Galicia: 5 puntos.

d) Investimentos que axuden a reducir as emisións de amoníaco, que supoñan máis do 15 % do investimento total elixible: 5 puntos.

e) Investimentos nunha explotación que proceda dunha fusión de explotacións realizada nos últimos cinco anos: 5 puntos.

f) Persoa agricultora profesional.

a. Nas persoas físicas titulares de explotación: 5 puntos.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

b. Nas persoas xurídicas, en función das persoas socias:

i. Todos os socios son agricultores profesionais: 5 puntos.

ii. Polo menos o 60 %: 4 puntos.

iii. Polo menos o 50 %: 3 puntos.

iv. Polo menos o 25 %: 2 puntos.

v. Inferior ao 25 %: 1 punto.

g) Investimentos en proxectos innovadores: 5 puntos.

h) Creación de UTA asalariadas a tempo completo (sen ter destruído emprego no último ano): 1 UTA: 2 puntos; 2 UTA: 3 puntos; e 3 ou más UTA: 5 puntos.

i) Investimentos que axuden a reducir as emisións de $CO_2$, que supoñan máis do 15 % do investimento total elixible: 4 puntos.

j) Titular da explotación socia dunha cooperativa ou dunha entidade asociativa agroalimentaria prioritaria: 4 puntos.

k) Explotación ecolóxica: 4 puntos.

l) Explotación agraria inscrita na sección de explotacións agrarias prioritarias do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia e que segue cumprindo os requisitos para iso, ou que cumpre cos requisitos para ser incluída no catálogo: 3 puntos.

m) Explotación con seguro agrario contratado pertencente ao Plan de seguros agrarios combinados do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, excepto a cobertura dos gastos derivados da retirada e destrución de animais mortos da explotación: 3 puntos.

n) Localización da explotación nunha zona de montaña, tal e como se definen na medida 13 do PDR 2014-2020: 3 puntos.

o) Explotación de titularidade compartida: 3 puntos.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

p) Titular da explotación muller ou, no caso das persoas xurídicas, que polo menos a metade dos seus socios sexan mulleres: 3 puntos.

q) Investimentos en eficiencia enerxética que supoñan máis do 50 % do investimento elixible: 2 puntos.

r) Investimentos en obra civil ou instalacións de xurro ou esterco que supoñan máis do 15 % do investimento total elixible: 2 puntos.

s) Investimentos en proxectos en cooperación cunha operación financiada a través da medida 16 do PDR: 2 puntos.

t) Explotacións con base territorial que empregan a súa superficie para alimentar o gando ou producir produtos agrícolas con destino final á venda, sempre que a totalidade dos investimentos estean relacionados con esa orientación produtiva, e no caso de explotacións de gando, a súa carga gandeira sexa igual ou inferior a 2 UGM/ha: 2 puntos.

u) Investimentos en produción de calquera variedade vexetal autóctona inscrita (por exemplo, trigo das variedades Callobre e/ou Caaveiro) e/ou en produción primaria de produtos galegos de calidade (denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida), que supoñan máis do 15 % do investimento total elixible: 2 puntos.

v) Explotación gandeira de razas autóctonas galegas en perigo de extinción que supoñan, polo menos, a metade do censo de reprodutoras da explotación (estas reprodutoras estarán inscritas no correspondente libro xenealóxico): 2 puntos.

w) Explotación localizada nunha zona distinta da de montaña con limitacións naturais significativas ou limitacións específicas, tal e como se definen na medida 13 do PDR 2014-2020: 2 puntos.

x) Explotación socia dunha organización de produtores: 2 puntos.

y) Investimentos nunha explotación que pertenza a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira (ADSG) ou a unha asociación con programa sanitario propio supervisado pola autoridade competente na materia: 1 punto.

2. En caso de igualdade na aplicación do baremo, terán prioridade as entidades solicitantes con investimentos en proxectos innovadores, seguido polos investimentos en proxectos de cooperación. Se aínda persiste o empate, priorizarase segundo a orde indi-

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

cada nos criterios de selección e, finalmente, polo plan de melloras con maior importe en investimento elixible.

3. Para ser admisibles, as solicitudes deberán alcanzar unha puntuación mínima de 10 puntos e, polo menos, dous criterios.

4. A aplicación dos criterios de prioridade realizarase tendo en conta o momento de finalización do prazo de presentación da solicitude de axuda.

5. No caso de persoas que soliciten axuda pola medida 6.1 desta convocatoria ou a teñan concedida na convocatoria anterior, considérase que teñen a condición de persoa agricultora profesional.

Artigo 36. *Contía e tipo de axuda*

O importe da axuda será do 30 % dos custos elixibles, que poderá incrementarse ata un máximo do 50 % en función da aplicación dos seguintes criterios:

a) 10 % no caso de persoas agricultoras mozas beneficiarias neste mesmo ano da axuda á incorporación de persoa mozas establecida no artigo 19.1.a).i do Regulamento (UE) nº 1305/2013 ou beneficiario desa mesma axuda nos 5 anos anteriores. Neste último caso, os solicitantes deben cumprir todos os requisitos da definición de persoa agricultora moza prevista no Regulamento (UE) nº 1305/2013, incluído o requisito de idade. Para que unha persoa xurídica poida ter esta bonificación, polo menos o 50 % das persoas socias deberán ser persoas mozas que se instalen ou se instalasen durante eses últimos cinco anos.

b) 5 % en investimentos colectivos, cando o beneficiario procede dunha fusión de explotacións.

c) 5 % no caso de investimentos en zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas, segundo o establecido no artigo 32 Regulamento (UE) nº 1305/2013.

d) 5 % no caso de operacións subvencionadas no marco da Axencia Europea da Innovación en materia de produtividade e sustentabilidade agrícola.

e) 10 % no caso de investimentos en agricultura ecolóxica.


XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Artigo 37. *Xustificación e pagamento da axuda*

1. O prazo para executar e xustificar as axudas concedidas baixo esta medida remata o 31 de xullo de 2025.

2. Só serán subvencionables os investimentos que se realicen e cuxo gasto e pagamento se xustifiquen con posterioridade á data de presentación da solicitude, agás no caso dos gastos xerais dos proxectos, e ata a data límite de realización dos investimentos, sempre e cando se dite resolución aprobatoria da axuda sobre os ditos investimentos.

3. Unha vez realizados os investimentos ou gastos previstos, e cumpridos, se for o caso, os compromisos adquiridos, presentarase a solicitude de pagamento, será cuberta a través da aplicación informática MELLES, a que pode acceder mediante a seguinte ligazón: https://melles.xunta.gal/melles/sede, realizada a través da Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, empregando a acción «achega de documentación separada da solicitude», achegando a documentación e os xustificantes dos investimentos efectuados, en que se incluirán os correspondentes ao gasto e pagamento destes. Esta comunicación terá a consideración de solicitude de pagamento, para os efectos do Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión.

4. Cando se trate de investimentos en maquinaria agrícola, estes deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola.

5. Unha vez presentada a solicitude de pagamento dos investimentos, o persoal técnico das oficinas agrarias comarcais, dos servizos territoriais de explotacións agrarias ou outro designado pola Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias realizará os correspondentes controis administrativos previos ao pagamento das axudas. Non se proporán para pagamento as certificacións inferiores a 5.000 euros de investimento.

6. Os investimentos realizados, no caso de variación sobre os aprobados, deben garantir suficientemente que se cumpre o obxectivo de mellora perseguido no momento da solicitude. De non ser así, poderase iniciar o procedemento de revogación da aprobación da solicitude.

7. Poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 % do importe da subvención concedida, sen superar o importe da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

Galicia, nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 45.4 e 63 do Regulamento (UE) nº 1305/2013.

Os pagamentos anticipados supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas. Estes pagamentos deberán ser solicitados polo beneficiario tras a notificación ou publicación da resolución de concesión.

O beneficiario deberá presentar coa solicitude de anticipo a declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución destinadas ao financiamento do mesmo proxecto, das distintas administracións públicas, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, indicando a súa contía. A solicitude de anticipo será cuberta a través da aplicación informática MELLES, a que pode acceder mediante a seguinte ligazón: https://melles. xunta.gal/melles/sede, realizada a través do Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, empregando a acción «achega de documentación xustificativa».

Unha vez executadas as operacións relacionadas cos anticipos, as persoas beneficiarias comunicarán cada ano, antes do 31 de decembro, unha declaración dos gastos que xustifique o uso do anticipo, xunto cos xustificantes de gasto e de pagamento.

8. O pagamento de anticipos estará supeditado á constitución dunha garantía bancaria ou dunha garantía equivalente que corresponda ao 100 % do importe anticipado.

*Sección 3ª. Creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións*

Artigo 38. *Requisitos das persoas beneficiarias*

Requisitos das persoas beneficiarias de axudas á creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións (procedemento mr405B):

a) Ser titular dunha pequena explotación agraria inscrita, con polo menos unha antigüidade dun ano desde a data de publicación da orde, no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

b) Residir na comarca onde radique a explotación ou nunha comarca limítrofe. No caso de titularidade de persoas xurídicas, estas deberán ter o domicilio fiscal na comarca ou nunha comarca limítrofe.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

c) Que o volume de traballo necesario para o mantemento da explotación sexa realizado polo titular da explotación, para o que será necesario que non realice outra actividade a tempo completo, ou que xustifique a contratación de, polo menos, a metade dunha unidade de traballo agrario. Esta cantidade de traballo agrario manterase durante os cinco anos posteriores ao pagamento final da axuda, xunto co resto de compromisos que adquire o beneficiario da axuda.

d) Presentar un plan empresarial que mostre a viabilidade da iniciativa.

e) A explotación non pode ter sido concesionaria por esta mesma submedida en convocatorias anteriores.

Artigo 39. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo III) a seguinte documentación:

a) Acreditación do representante (se for o caso).

b) Anexo VII (se for o caso).

c) Documentos acreditativos da constitución da entidade (acta de constitución e estatutos) e, se for o caso, das súas modificacións, debidamente inscritos no rexistro correspondente (se for o caso).

d) Plan empresarial, onde se xustificará a viabilidade económica da explotación, de acordo co establecido no anexo IV.

e) As comunidades de bens e as sociedades civís farán constar no anexo III os compromisos de execución asumidos por cada un dos seus membros, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles. Así mesmo, presentarán o documento de nomeamento da persoa representante ou apoderado único, e o xustificante de que se asinou un pacto de indivisión por un período mínimo de cinco anos contados a partir da data de pagamento da axuda.

f) Para ter os puntos por proxecto innovador establecido no artigo 41, presentarase certificación dun grupo operativo da Asociación Europea de Innovación ou dunha Axencia de Innovación.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideren obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Non serán admitidas a trámite as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido nesta convocatoria, nin aquelas que se presenten sen a seguinte documentación

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

mínima, e resolverase a súa inadmisión, que deberá ser notificada á persoa solicitante nos termos previstos no artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

a) Anexo III de solicitude da axuda debidamente cuberto e asinado.

b) Plan empresarial acorde co establecido no anexo IV.

Artigo 40. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI/NIE da persoa solicitante.

b) NIF da entidade solicitante.

c) DNI/NIE da persoa representante.

d) NIF da entidade representante.

e) DNI/NIE das persoas socias, de ser o caso.

f) NIF das persoas socias da explotación, de ser o caso.

g) Certificado de residencia da persoa solicitante.

h) Certificado da renda (IRPF) da persoa solicitante e das persoas socias, de ser o caso.

i) Informe de vida laboral da empresa solicitante.

j) Acreditación de actividade agraria por conta propia da persoa solicitante e das persoas socias, de ser o caso.

k) Informe de vida laboral nos últimos 5 anos da persoa solicitante, das persoas socias e UTA da explotación, de ser o caso.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

l) Certificación de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT da persoa solicitante.

m) Certificación de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social da persoa solicitante.

n) Certificación de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Atriga da persoa solicitante.

o) Inhabilitación para obter subvencións e axudas a persoa solicitante.

p) Concesión doutras subvencións á persoa solicitante.

q) Nivel de renda agraria da persoa solicitante ou das persoas socias, de ser o caso.

r) Imposto de actividades económicas ampliado (IAE) da persoa solicitante.

s) Certificado de domicilio fiscal da persoa solicitante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio (anexo III), ou no anexo VII, se for o caso, e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 41. *Criterios de prioridade*

1. Establécense os seguintes criterios de prioridade, sen prexuízo do establecido no artigo 23:

a) Orientación produtiva principal da explotación:

i. Hortícola, frutícola, florícola, apícola, avícola artesanal, aromático-medicinal, vacún de carne, ovino/cabrún ou porco celta: 5 puntos.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

ii. Resto de orientacións produtivas: 3 puntos.

b) Incorporarse a un dos instrumentos de recuperación de terras agroforestais definidos e tramitados nos títulos V e VI, respectivamente, da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia: 5 puntos.

Para estes efectos, outorgarase esta puntuación aos proxectos que cumpran, como mínimo, unha das seguintes características:

i. Que a persoa solicitante estea incluída no marco da proposta seleccionada para o desenvolvemento dunha aldea modelo declarada en virtude dos acordos do Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ao abeiro da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e das que se declaren ao abeiro da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

ii. Que a persoa solicitante sexa un axente promotor produtivo dun polígono agroforestal respecto do cal se publicase o acordo de iniciación do procedemento para a súa aprobación no *Diario Oficial de Galicia*, nos termos previstos no artigo 83 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

iii. Que a persoa solicitante presentase unha proposta nun procedemento de concorrencia competitiva para a asignación dunha aldea modelo ou dun polígono agroforestal de iniciativa pública, ou ben unha solicitude para unha actuación de xestión conxunta ou dun polígono agroforestal de iniciativa privada, de acordo co previsto nos títulos V e VI da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. No caso de que, durante a tramitación do correspondente procedemento, a persoa solicitante renuncie á súa proposta ou solicitude, reavaliarase a súa solicitude de axuda, cos efectos que correspondan segundo a nova puntuación que obteña.

c) Explotación gandeira de razas autóctonas galegas en perigo de extinción que supoñan, polo menos, a metade do censo de reprodutoras da explotación (estas reprodutoras estarán inscritas no correspondente libro xenealóxico): 4 puntos.

d) Explotación que se comprometa a destinar, polo menos, 0,5 ha da súa base territorial a producir trigo das variedades Callobre e/ou Caaveiro e que a produción destas variedades supoña, polo menos, a metade da marxe neta da explotación: 4 puntos.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

e) Persoa agricultora profesional.

i. Nas persoas físicas titulares de explotación, 5 puntos.

ii. Nas persoas xurídicas, en función das persoas socias:

– Todos os socios son agricultores profesionais: 5 puntos.

– Máis do 60 %: 4 puntos.

– Polo menos o 50 %: 3 puntos.

– Máis do 25 %: 2 puntos.

– Inferior ao 25 %: 1 punto.

f) Se a persoa que exerce o control da explotación cotiza á Seguridade Social no sector agrario: 3 puntos.

g) Localización da explotación nunha zona de montaña, tal e como se definen na medida 13 do PDR 2014-2020: 3 puntos.

h) Explotación ecolóxica: 3 puntos.

i) Investimentos en proxectos innovadores: 2 puntos.

j) Proxecto en cooperación cunha operación financiada a través da medida 16 do PDR: 2 puntos.

k) Titular da explotación muller ou, no caso das persoas xurídicas, que polo menos a metade dos seus socios sexan mulleres: 2 puntos.

l) Explotación localizada nunha zona distinta da de montaña con limitacións naturais significativas ou limitacións específicas, tal e como se definen na medida 13 do PDR 2014-2020: 2 puntos.

m) Explotación membro dunha organización de produtores: 2 puntos.

n) Explotación que pertence a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira (ADSG) ou a unha asociación con programa sanitario propio supervisado pola autoridade competente na materia: 1 punto.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

2. No caso de empate en puntos, priorizaranse as situacións na orde indicada no punto anterior. Se aínda persiste o empate, priorizarase pola antigüidade da explotación.

3. Para ser admisibles, as solicitudes deberán alcanzar unha puntuación mínima de 6 puntos e, polo menos, dous criterios.

4. A aplicación dos criterios de prioridade realizarase tendo en conta o momento de finalización do prazo de presentación da solicitude de axuda.

Artigo 42. *Contía e tipo de axuda*

A axuda consistirá nunha prima de 15.000 euros, e concederase pola execución do plan empresarial, que terá unha duración de 18 meses desde a aprobación da axuda.

Artigo 43. *Xustificación e pagamento da axuda*

A axuda terá carácter de pagamento a tanto global e concederase pola execución do plan empresarial.

O beneficiario deberá solicitar o pagamento da axuda; será cuberta a través da aplicación informática MELLES, a que pode acceder mediante a seguinte ligazón: https://melles.xunta.gal/melles/sede, segundo:

a) Unha primeira cota, que solicitará dentro dos 9 meses seguintes á concesión da axuda, correspondente ao 60 % do importe da axuda total, cando acredite o inicio das actuacións incluídas no plan empresarial. As solicitudes de pagamento realizaranse a través da Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, empregando a acción «achega de documentación separada da solicitude» e acompañándoa da xustificación de ter realizado a fase de inicio do plan empresarial. Para a percepción deste pagamento, os beneficiarios estarán exentos da constitución de garantías, en virtude do artigo 65.4.i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe do conxunto destes pagamentos parciais non poderá exceder a anualidade prevista para o exercicio orzamentario.

b) O importe restante, o 40 %, solicitarase unha vez finalizado o plan empresarial. Para isto presentaranse, xunto cunha solicitude de pagamento, realizada a través da Carpeta

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, empregando a acción «achega de documentación separada da solicitude», os documentos que acrediten que levou a cabo o seu plan empresarial.

Dada a natureza da actuación financiada que, en virtude do artigo 19 do Regulamento (UE) nº 1305/2013, é a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións e que a axuda se aboará en función da correcta execución do plan empresarial, o cal está sometido a control, con base no artigo 65.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non será necesario constituír garantías.

Disposición adicional primeira. *Cualificación de explotacións agrarias prioritarias*

Nos casos en que a documentación presentada pola persoa solicitante das axudas previstas nesta orde sexa suficiente e se reúnan os requisitos exixidos, o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias efectuará a cualificación da explotación como prioritaria, de acordo co establecido na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias, e no Decreto 200/2012, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

Disposición adicional segunda. *Normativa aplicable*

As axudas a que se refire esta orde, ademais do previsto por ela e polas súas normas de desenvolvemento, rexeranse:

– Pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición adicional terceira. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase a persoa titular da dirección xeral competente en agricultura, gandaría e industrias agroalimentarias para ditar as instrucións que considere oportunas para a execución da presente orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2022

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DE PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| AXUDAS Á INCORPORACIÓN DE PERSOAS MOZAS Á ACTIVIDADE AGRARIA | **MR404A** | SOLICITUDE |

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA

CÓD. PARROQUIA | PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS**

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

**SITUACIÓN DA EXPLOTACIÓN**

PARROQUIA | LUGAR

PROVINCIA | CONCELLO | COORDENADAS UTM

TITULAR DA EXPLOTACIÓN | NIF DO TITULAR DA EXPLOTACIÓN

TIPO DE TITULAR

**AXUDA SOLICITADA A MAIORES DA CONTÍA BÁSICA DE 25.000 €, sen que a axuda total supere os 70.000 €**

☐ Instalación nunha explotación localizada nunha zona con limitacións naturais ou outras limitacións específicas recollida no artigo 32 do Regulamento (UE) 1305/2013: 5.000 €.

☐ De acordo co volume de gasto cuxa necesidade ou conveniencia se especifique no plan empresarial:

- ☐ De 20.000 a 30.000 €: a prima incrementarase en 12.500 €
- ☐ De 30.001 a 40.000 €: a prima incrementarase en 17.500 €
- ☐ De 40.001 a 60.000 €: a prima incrementarase en 25.000 €
- ☐ De 60.001 a 80.000 €: a prima incrementarase en 31.500 €
- ☐ De 80.001 a 100.000 €: a prima incrementarase en 40.500 €
- ☐ Maior de 100.001 €: a prima incrementarase en 45.000 €

☐ Creación de polo menos unha UTA de emprego adicional a tempo completo na explotación, ademais da man de obra correspondente á persoa moza instalada: 20.000 €.

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

**RELACIÓN DE GASTOS PREVISTOS QUE INCREMENTAN A CONTÍA BÁSICA (solicitude de axuda)**

| CLAVES | DESCRICIÓN | UDS. | IMPORTE UNITARIO | IMPORTE TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | GASTO TOTAL | |

**MODALIDADE DA PRIMEIRA INSTALACIÓN**

◯ 1 Acceso mediante titularidade exclusiva de explotación preexistente ou de nova creación.

◯ 2 Acceso mediante cotitularidade dunha explotación agraria. — Porcentaxe de participación da persoa moza no resultado económico ☐

◯ 3 Integración como socio/a nunha entidade asociativa. — Porcentaxe de participación da persoa moza no resultado económico ☐

◯ 4 Acceso mediante titularidade compartida.

◯ 5 Acceso mediante titularidade dunha explotación agraria prioritaria sendo titular dunha explotación cuxa marxe neta non supera o 20 % da renda de referencia.

◯ 6 Acceso mediante titularidade dunha explotación agraria prioritaria en calidade de agricultor/a a título principal sendo titular dunha explotación con dedicación en tempo e renda de traballo inferior aos mínimos establecidos.

**OUTROS DATOS**

◯ 0. Agricultor individual muller

◯ 1. Agricultor individual home

☐ Persoa moza que se instala sen existencia previa de explotación.

TIPO DE CAPACITACIÓN PROFESIONAL

**DATOS DA PERSOA CÓNXUXE, PARELLA DE FEITO OU RELACIÓN ANÁLOGA**

| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

☐ Cónxuxe en réxime de separación de bens

| CRITERIOS DE PRIORIDADE | SI/NON | PUNTOS |
|---|---|---|
| a) Primeira instalación simultánea cun proxecto apoiado pola submedida 4.1 | ◯ SI ◯ NON | |
| b) Instalación da persoa moza a tempo completo | ◯ SI ◯ NON | |
| c) Incorporación a un dos instrumentos de recuperación de terras agroforestais definidos e tramitados nos títulos V e VI, respectivamente, da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia | ◯ SI ◯ NON | |
| d) Instalación nunha explotación incluída no Banco de Explotacións do artigo 15 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación de terra agraria de Galicia | ◯ SI ◯ NON | |
| e) Instalación nunha explotación ecolóxica ou que alcance tal condición tras levar a cabo o plan empresarial | ◯ SI ◯ NON | |
| f) Instalación da persoa moza mediante as modalidades 1, 3 ou 4 | ◯ SI ◯ NON | |
| g) Creación de emprego adicional a tempo completo | ◯ SI ◯ NON | |
| h) Instalación nunha explotación inscrita na sección de explotacións agrarias prioritarias do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia e que no momento da solicitude siga cumprindo os requisitos para iso, ou que cumpra cos requisitos para ser incluída no catálogo | ◯ SI ◯ NON | |
| i) Localización da explotación nunha zona de montaña, tal e como se definen na medida 13 do PDR 2014-2020 | ◯ SI ◯ NON | |
| j) Muller | ◯ SI ◯ NON | |
| k) Plan empresarial que inclúe investimentos nun proxecto innovador | ◯ SI ◯ NON | |
| l) Explotación localizada nunha zona distinta da de montaña con limitacións naturais significativas ou limitacións específicas, tal e como se definen na medida 13 do PDR 2014-2020 | ◯ SI ◯ NON | |
| m) Instalación nunha explotación socia dunha organización de produtores ou que se compromete a ser socia unha vez finalizado o plan empresarial | ◯ SI ◯ NON | |
| n) Instalación nunha explotación que pertenza a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira (ADSG) ou a unha asociación con programa sanitario propio supervisado pola autoridade competente na materia | ◯ SI ◯ NON | |

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

| | | |
|---|---|---|
| o) Instalación nunha explotación que proceda de fusión de explotacións realizada nos últimos cinco anos naturais ou se fusione coa instalación da persoa moza | ◯ SI ◯ NON | |
| | TOTAL | |

**IDENTIFICACIÓN DAS UTA**, incluída a da persoa agricultora moza

| ACTUAL | PREVISTA | APELIDOS E NOME | NIF | DATA DE NACEMENTO | VÍNCULO COA PERSOA MOZA | PARTICIPACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |

PARTICIPACIÓN: sinale a porcentaxe no caso da entidade asociativa

**CÓDIGO OTE (orientación técnica económica)**

| | CLAVE | NOME |
|---|---|---|
| ACTUAL | | |
| PREVISTO | | |

**DEDICACIÓN DA TERRA**

| CLAVE | CONCEPTO | HECTÁREAS | |
|---|---|---|---|
| | | ACTUAL | PREV. |
| | | | |
| 20 | SAU TOTAL | | |
| 24 | SUPERFICIE TOTAL | | |

**GANDO**

| CLAVE | CONCEPTO | ACTUAL | | PREV. |
|---|---|---|---|---|
| | | Ud. | €/Ud. | Ud. |
| | | | | |

**MAQUINARIA**

| CLAVE | CONCEPTO | ACTUAL | | | PREV. |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Ud. | Ano | €/Ud. | Ud. |
| | | | | | |

**INSTALACIÓNS**

| CLAVE | CONCEPTO | ACTUAL | | | PREV. |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Ud. | Ano | €/Ud. | Ud. |
| | | | | | |

**ORIENTACIÓNS PRODUTIVAS**

| CLAVE | NOME | UNIDADES | | PRODUCIÓN | | SITUACIÓN ACTUAL | | SITUACIÓN PREVISTA | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Actual | Prev. | Actual | Prev. | Produto bruto | Gastos variables | Produto bruto | Gastos variables |
| | | | | | | | | | |

Produción: é obrigatorio cubrir a produción anual. Terase en conta o ano natural, con independencia da estacionalidade das producións
Produto bruto e gastos variables: poderá optarse polos valores publicados na orde cunha variación non superior ao 10 % tanto en situación actual como prevista; no caso de que se utilicen valores distintos, deberán estar acreditados documentalmente. As cifras serán coincidentes co plan empresarial

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

**GASTOS FIXOS DE EXPLOTACIÓN**

| CONCEPTO | | SITUACIÓN ACTUAL | SITUACIÓN PREVISTA |
|---|---|---|---|
| | Gastos xerais | | |
| | Salarios | | |
| Outros gastos fixos | Amortización de bens inmobles | | |
| | Amortización de bens mobles | | |
| | Gastos de conservación de bens inmobles | | |
| | Gastos de conservación de bens mobles | | |

**SUBVENCIÓNS E AXUDAS**

| TIPO DE AXUDA | IMPORTE (€) |
|---|---|
| | |

**FINANCIAMENTO**

| | IMPORTE ACTUAL (€) | IMPORTE PREVISTO (€) |
|---|---|---|
| Préstamos (xuros anuais dos préstamos actuais e os que financien a incorporación) | | |

Deberá acreditarse documentalmente a existencia dos préstamos á explotación

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

◯ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.

◯ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | IMPORTE (€) |
|---|---|
| | |
| | |
| | |

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Que se compromete a cumprir a condición de persoa agricultora profesional.
7. Que se compromete a adquirir a capacitación profesional suficiente nun prazo improrrogable de 36 meses dedse a instalación, se actualmente non a tivese.
8. Que se compromete a exercer a actividade agraria durante cinco anos, contados desde a instalación.
9. Que se compromete a ter contratado, e a manter durante todo o período de compromisos, un seguro agrario pertencente ao Plan de seguros agrarios combinados do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, excepto a liña Seguro de retirada e destrución de animais mortos na explotación.
10. Que se compromete a manter a creación de emprego que incrementou a prima básica, durante o período de compromisos.
11. Que se compromete a manter os elementos materiais que formaron parte do volume de gastos que incrementaron a prima base durante o período de compromisos.

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

| | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
|---|---|---|---|
| ☐ Anexo VII - Comprobación de datos de terceiras persoas (se for o caso) | | | |
| ☐ Memoria xustificativa dos investimentos, no caso de querer optar á bonificación da axuda por volume de gasto necesario para instalarse | | | |
| ☐ Tres ofertas de diferentes provedores por cada un dos investimentos, no caso de querer optar á bonificación da axuda por volume de gasto necesario para instalarse | | | |
| ☐ Acreditación da persoa representante legal da súa representación (se for o caso) | | | |
| ☐ Plan empresarial | | | |
| ☐ Xustificación do nivel de capacitación profesional suficiente | | | |
| ☐ Acreditación da dispoñibilidade da explotación | | | |
| ☐ Certificación do órgano reitor da entidade, onde se especifiquen as condicións de participación da persoa agricultora moza e a súa contribución, ou documento de compromiso, no caso de instalarse mediante a modalidade 3 | | | |
| ☐ Estatutos e, se é o caso, modificacións, ou documento de compromiso, no caso de instalarse mediante a modalidade 3 | | | |
| ☐ Acta de constitución ou documento de compromiso, no caso de instalarse mediante a modalidade 3 | | | |
| ☐ Relación de socios/as que exercen a dirección técnica e de xestión, ou documento de compromiso, no caso de instalarse mediante a modalidade 3 | | | |
| Outras superficies total (sumatorio das superficies anteriores) | | | |
| 3. Réxime de tenza da SAU en ha | | | |
| Propiedade | | | |
| Arrendamento | | | |
| Comunal | | | |
| Outros | | | |
| 4. Réxime de tenza doutras superficies en ha | | | |
| Propiedade | | | |
| Arrendamento | | | |
| Comunal | | | |
| Outros | | | |
| 5. Gando (número de cabezas segundo o tipo de gando) | | | |
| Vacas leite | | | |
| Xovencas leite | | | |
| Vacas carne | | | |

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| | | | |
|---|---|---|---|
| Xovencas carne | | | |
| Xatos ceba | | | |
| Ovellas | | | |
| Cabras | | | |
| Équidos | | | |
| Visóns femias | | | |
| Coellas | | | |
| Enxames | | | |
| Porcas nai | | | |
| Porcos ceba | | | |
| Polos | | | |
| Polos curral | | | |
| Pavos | | | |
| Poñedoras | | | |
| Outras aves | | | |

| 6. Maquinaria/equipamentos (marque cun X as fases en que estará dispoñible) | Ano | Valor de compra | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1. | | | | | |
| 2. | | | | | |
| 3. | | | | | |
| 4. | | | | | |
| 5. | | | | | |
| 6. | | | | | |
| 7. | | | | | |
| 8. | | | | | |
| 9. | | | | | |
| 10. | | | | | |
| 11. | | | | | |
| 12. | | | | | |
| 13. | | | | | |
| 14. | | | | | |
| 15. | | | | | |
| 16. | | | | | |
| 17. | | | | | |
| 18. | | | | | |
| 19. | | | | | |
| 20. | | | | | |
| Consigne outros nun anexo co mesmo formato | | | | | |

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

| 7. Edificios/Instalacións (marque cun X as fases en que estarán dispoñibles) | Ano | Valor de constr. | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1. | | | | | |
| 2. | | | | | |
| 3. | | | | | |
| 4. | | | | | |
| 5. | | | | | |
| 6. | | | | | |
| 7. | | | | | |
| 8. | | | | | |
| 9. | | | | | |
| 10. | | | | | |
| Consigne outros nun anexo co mesmo formato | | | | | |
| 8. Dereitos de pagamento básico (número de dereitos) | | | | | |
| Dereitos | | | | | |
| 9. Gastos e actuacións realizados no proceso de instalación (en euros na fase correspondente) | | | | | |
| 1. | | | | | |
| 2. | | | | | |
| 3. | | | | | |
| 4. | | | | | |
| Outros. Especifique: | | | | | |
| 10. Formación (marque cun X as fases en que estará dispoñible) | | | | | |
| A persoa moza dispón da capacitación profesional exixida de acordo coa normativa da medida | | | | | |
| 11. Altas relacionadas coa instalación (consigne a data na fase correspondente). Deberán completarse antes do fin da fase de inicio | | | | | |
| Alta na actividade económica en Facenda | | | | | |
| Alta na Seguridade Social nunha actividade da rama agraria | | | | | |
| Alta da explotación no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia | | | | | |
| Achega económica e ingreso en entidade asociativa | | | | | |
| 12. Trámites de instalación, permisos e licenzas (consigne a data na fase correspondente). Deberán completarse antes da fin da fase de inicio | | | | | |
| Proxecto de obras | | | | | |
| Solicitude de licenza de obras | | | | | |
| Licenza de obras | | | | | |



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| | | | |
|---|---|---|---|
| Avaliación de impacto ambiental | | | |
| Data prevista de inicio das obras | | | |
| Data prevista de finalización das obras | | | |
| 13. Medios adicionais exixibles ou valorables (marque cun X as fases en que estará dispoñible de acordo co descrito na memoria) | | | |
| 1. Medios relacionados co aforro de auga e prevención da contaminación de acuíferos | | | |
| 2. Medios relacionados coa sustentabilidade ambiental | | | |
| 3. Medios relacionados coa eficiencia enerxética | | | |
| 4. Medios de asesoramento empregados na explotación | | | |
| 5. Medidas innovadoras nos medios de produción | | | |
| 6. Colaboración en programas de I+D+i | | | |
| Outras metas especificadas na memoria: (especifique) | | | |

**Anexo de parcelas da explotación**

* A epígrafe de cultivo cubrirase de acordo coa listaxe da epígrafe «Superficie de terreo dispoñible na explotación».

| Relación de parcelas dispoñibles da explotación | | | | | | Fase previa á solicitude | Fase de inicio | Fase de cumprimento do plan empresarial |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Provincia | Concello | Ref. Sixpac (pol./parc./recinto) | Sup. en ha | Cultivo * | Réxime tenza | Marque si ou non (S/N) | Marque si ou non (S/N) | Marque si ou non (S/N) |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

| Relación de parcelas dispoñibles da explotación | | | | | | Fase previa á solicitude | Fase de inicio | Fase de cumprimento do plan empresarial |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Provincia | Concello | Ref. Sixpac (pol./parc./recinto) | Sup. en ha | Cultivo * | Réxime tenza | Marque si ou non (S/N) | Marque si ou non (S/N) | Marque si ou non (S/N) |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |

B) Plan empresarial para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións.

O mantemento do territorio e da actividade agraria é de grande importancia para a Consellería do Medio Rural. Coñecendo as dificultades que en moitas ocasións existen para que as explotacións acaden unha dimensión económica axeitada e a dificultade de cumprir coas exixencias do resto de medidas de apoio, trátase, mediante a axuda ás pequenas explotacións, de manter e impulsar o seu desenvolvemento.

Para iso exíxeselles aos solicitantes a presentación dun plan empresarial que deberá estruturarse do mesmo xeito que o especificado no punto anterior. O contido do plan será exactamente o mesmo; diferenciarase só nas cuestións propias dunha incorporación por primeira vez á agricultura.

## ANEXO V

Carteis e placas.

Os modelos de carteis e placas que os beneficiarios de axudas Feader deben utilizar para cumprir coas obrigas recollidas no artigo 17 adaptaranse ao seguinte formato estándar, no que o emblema da Unión Europea e a denominación do fondo, conxuntamente co lema, ademais da descrición do proxecto ou operación, deberán ocupar como mínimo o 25 % do deseño.

A marca principal ocupará o largo do soporte cunha marxe ao seu redor da metade do largo do escudo.



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

O título da obra que se vaia executar terá unha altura de texto non superior a 2/3 da altura que teña o texto do logotipo.

Os datos da obra terán unha altura de texto non superior a 1/2 da altura do título.

O resto de logos deberán situarse ao final do cartel cunha marxe ao seu redor da metade do largo do escudo.

Cores e tipo de letra.

| | |
|---|---|
| Cor fondo 1 | RGB 0 123 196<br>Pantone 7461 C |
| Cor fondo 2 | RGB: 0/51/153<br>Pantone Reflex Blue |
| Tipo de letra | Xunta Sans |
| Tipo de letra Feader e lema | News Gothic |

Dimensións.

No caso de encontrarse en óptimas condicións de mantemento, o cartel temporal poderá ser utilizado como placa permanente.

| Axuda pública total | | Cartel | Placa |
|---|---|---|---|
| > 50.000 € | Dimensión mínima (A) | 100 cm | 30 cm |
| | Altura mínima | 130 cm | - |

No caso de investimentos en infraestruturas tales como camiños, operación de reestruturación parcelaria ou, en xeral, actuacións que abranguen unha grande área territorial, empregaranse preferentemente carteis. Cando o investimento financiado afecte un edificio, maquinaria ou similar, utilizaranse preferentemente placas.

Tanto os carteis como as placas serán de material resistente (ríxido ou semirríxido); non se admitirá a simple impresión en papel. Colocaranse sempre nun lugar visible ao público.

O elemento publicitario debe manterse, polo menos, durante un prazo idéntico ao do compromiso que adquire o beneficiario ao recibir a subvención.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

ANEXO VI

**Norma complementaria**

1. Renda unitaria do traballo (RUT).

O persoal técnico dos servizos de explotacións agrarias utilizará os datos achegados pola persoa solicitante, xunto cos que constan en poder da Administración, para calcular a RUT, e deste xeito establecer se cumpre ou non o requisito de admisibilidade.

Metodoloxía de cálculo.

Para este cálculo empregaranse os datos de prezos brutos publicados a continuación.

Deste primeiro cálculo obterase a marxe bruta por unidade de produción en situación actual e prevista.

Marxe bruta = produto bruto – gastos variables

Para a obtención da marxe neta, será necesario establecer os gastos fixos da explotación, que serán:

Os gastos xerais da explotación, que se cuantificarán e se desagregarán polos diferentes capítulos que se inclúen nel (salarios empregados e persoas socias traballadoras, Seguridade Social do titular e empregados, seguros agrarios, arrendamentos, asesorías,...).

As amortizacións, que se calcularán mediante a aplicación dunha progresión aritmética, en que se considera un período de 20 anos para todas as construcións e instalacións e un período de 10 anos para a maquinaria. Unha vez pasado ese período, o valor residual aplicado é igual a cero.

Os gastos de reparación e conservación dos elementos da explotación que se calcularán pola aplicación dunha porcentaxe do 4 % para a maquinaria e dun 2 % para as construcións e instalacións (esta porcentaxe aplicarase sobre o valor de compra/construción durante toda a vida útil).

Marxe neta = marxe bruta – gastos fixos + subvencións – gastos financeiros

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

Unha vez obtida a marxe neta, a RUT da explotación obterase seguindo a fórmula especificada:

Renda da explotación = marxe neta + salarios

$$\text{RUT} = \frac{\text{Renda da explotación}}{\text{Nº de UTA}}$$

| Clave | Sub. clave | Descrición | Prezo bruto/ud. | Gastos variables | Marxe bruta | Unidade |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 6 | 0 | Patacas | 2.283,85 € | 1.104,36 € | 1.179,49 € | ha |
| 7 | 0 | Amorodo | 24.050,00 € | 4.507,00 € | 19.543,00 € | ha |
| 8 | 0 | Kiwi | 9.135,39 € | 946,60 € | 8.188,79 € | ha |
| 9 | 0 | Outras froiteiras | 9.616,19 € | 1.658,79 € | 7.957,40 € | ha |
| 9 | 2 | Oliveiral intensivo | 14.250,00 € | 2.100,00 € | 12.150,00 € | ha |
| 9 | 3 | Oliveiral extensivo | 3.800,00 € | 2.100,00 € | 1.700,00 € | ha |
| 9 | 4 | Arando | 66.223,96 € | 47.464,30 € | 18.759,66 € | ha |
| 10 | 0 | Hortalizas aire libre | 31.973,84 € | 6.941,69 € | 25.032,15 € | ha |
| 11 | 0 | Flor aire libre | 7.137,02 € | 2.555,80 € | 4.581,22 € | ha |
| 12 | 0 | Invernadoiro flor | 91.353,83 € | 25.242,50 € | 66.111,33 € | ha |
| 13 | 0 | Invernadoiro hortaliza | 75.366,92 € | 13.883,38 € | 61.483,54 € | ha |
| 14 | 1 | Viveiros extensivo | 86.237,00 € | 40.180,00 € | 46.057,00 € | ha |
| 14 | 2 | Viveiros mixto | 317.500,00 € | 192.087,50 € | 125.412,50 € | ha |
| 15 | 0 | Viñedo preferente | 8.113,66 € | 1.502,53 € | 6.611,13 € | ha |
| 16 | 0 | Viñedo non preferente | 4.567,70 € | 1.514,55 € | 3.053,15 € | ha |
| 17 | 0 | Outros cereais | 647,09 € | 228,38 € | 418,71 € | ha |
| 17 | 1 | Trigo | 1.442,43 € | 390,66 € | 1.051,77 € | ha |
| 18 | 0 | Outros cultivos | 33.055,67 € | 6.941,70 € | 26.113,97 € | ha |
| 44 | 0 | Vacas leite | 0,31 € | 0,19 € | 0,12 € | kg leite |
| 45 | 0 | Xovencas leite | 1.260,00 € | 980,00 € | 280,00 € | Cab. |
| 46 | 0 | Vacas carne | 743,60 € | 376,67 € | 366,93 € | Cab. |
| 47 | 0 | Xovencas carne | 1.200,00 € | 779,10 € | 420,90 € | Cab. |
| 48 | 0 | Xatos ceba | 820,38 € | 628,81 € | 191,57 € | Praza (1,25 cab.) |
| 49 | 0 | Ovellas | 103,00 € | 18,00 € | 85,00 € | Nai |
| 49 | 1 | Ovellas leite | 142 € | 26,00 € | 116,00 € | Nai |

| Clave | Sub. clave | Descrición | Prezo bruto/ud. | Gastos variables | Marxe bruta | Unidade |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 50 | 0 | Cabras | 129,80 € | 18,00 € | 111,80 € | Nai |
| 51 | 0 | Eguas | 241,80 € | 26,00 € | 215,80 € | Nai |
| 52 | 0 | Visóns femias | 88,95 € | 56,01 € | 32,94 € | Ud. |
| 53 | 0 | Coellas | 139,99 € | 105,94 € | 34,05 € | Nai |
| 54 | 0 | Enxames | 100,00 € | 31,55 € | 68,45 € | Ud. |
| 55 | 0 | Porcas nais | 1.336,05 € | 1.079,12 € | 256,93 € | Porca nai |
| 55 | 1 | Porcas celtas nais | 532,95 € | 289,15 € | 243,80 € | Porca nai |
| 55 | 2 | Porcas reprodutoras | 883,79 € | 687,33 € | 196,46 € | Porca nai |
| 55 | 5 | Porco celta ciclo completo | 4.400,00 € | 2.850,00 € | 1.550,00 € | Porca nai |
| 56 | 0 | Porcos ceba | 291,19 € | 268,20 € | 22,99 € | Praza |
| 56 | 1 | Porcos ceba cadea | 306,52 € | 285,48 € | 21,04 € | Praza |
| 58 | 0 | Aves carne | 9,20 € | 7,61 € | 1,59 € | Praza |
| 58 | 1 | Polo curral | 8,15 € | 6,34 € | 1,81 € | Praza |
| 58 | 3 | Pavos | 27,11 € | 22,54 € | 4,57 € | Praza |
| 58 | 8 | Polo curral ecolóxico | 21,00 € | 14,07 € | 6,93 € | Praza |
| 59 | 0 | Poñedoras | 16,33 € | 14,14 € | 2,19 € | Praza |
| 59 | 2 | Recría int. batería | - | - | - | Praza |
| 59 | 3 | Recría int. chan | - | - | - | Praza |
| 59 | 4 | Poñedora ovo para incubar | 4,33 € | 0,68 € | 3,65 € | Praza |
| 59 | 5 | Poñedoras campeiras | 20,23 € | 15,32 € | 4,91 € | Praza |

No caso de orientacións produtivas non incluídas neste cadro ou explotacións con marxes económicas diferentes, as persoas solicitantes deberán acreditar documentalmente a renda da explotación para que o persoal dos servizos de explotacións agrarias poida calcular a RUT e determinar a admisibilidade da solicitude.

2. Dimensión física mínima.

As persoas solicitantes das axudas das submedidas 4.1 Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas (en situación actual) e 6.1 Creación de empresas para as persoas

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

agricultoras mozas (en situación prevista), deberán ter unha explotación de, polo menos, a seguinte dimensión física:

| Clave | Sub. clave | Descrición | Dimensión mínima admisible |
|---|---|---|---|
| 6 | 0 | Patacas | 8,00 ha |
| 7 | 0 | Amorodo | 0,50 ha |
| 8 | 0 | Kiwi | 1,00 ha |
| 9 | 0 | Outras froiteiras | 1,00 ha |
| 9 | 2 | Oliveiral intensivo | 1,00 ha |
| 9 | 3 | Oliveiral extensivo | 5,00 ha |
| 9 | 4 | Arando | 0,50 ha |
| 10 | 0 | Hortalizas aire libre | 0,50 ha |
| 11 | 0 | Flor aire libre | 2,00 ha |
| 12 | 0 | Invernadoiro flor | 0,15 ha |
| 13 | 0 | Invernadoiro hortaliza | 0,15 ha |
| 14 | 1 | Viveiros extensivo | 0,20 ha |
| 14 | 2 | Viveiros mixto | 0,10 ha |
| 14 | 3 | Sementeiras | 0,02 ha |
| 15 | 0 | Viñedo preferente | 1,50 ha |
| 16 | 0 | Viñedo non preferente | 2,50 ha |
| 17 | 0 | Outros cereais | 20,00 ha |
| 17 | 1 | Trigo | 8,00 ha |
| 18 | 0 | Outros cultivos | 0,40 ha |
| 44 | 0 | Vacas leite | 95.000 kg |
| 45 | 0 | Xovencas leite | 40 cabezas |
| 46 | 0 | Vacas carne | 25 cabezas |
| 47 | 0 | Xovencas carne | 30 cabezas |
| 48 | 0 | Xatos ceba | 50 cabezas |
| 49 | 0 | Ovellas | 90 nais |
| 49 | 1 | Ovellas leite | 75 nais |
| 50 | 0 | Cabras | 75 nais |
| 51 | 0 | Eguas | 38 nais |
| 52 | 0 | Visóns femias | 250 ud. |
| 53 | 0 | Coellas | 250 nais |
| 54 | 0 | Enxames | 130 ud. |

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| Clave | Sub. clave | Descrición | Dimensión mínima admisible |
|---|---|---|---|
| 55 | 0 | Porcas nais | 38 porcas nai |
| 55 | 1 | Porcas celtas nais | 35 porcas nai |
| 55 | 2 | Porcas reprodutoras | 45 porcas nai |
| 55 | 3 | Porco celta ciclo completo | 10 porcas nai |
| 56 | 0 | Porcos ceba | 400 prazas |
| 56 | 1 | Porcos ceba cadea | 500 prazas |
| 58 | 0 | Aves carne | 5.500 prazas |
| 58 | 1 | Polo curral | 5.000 prazas |
| 58 | 3 | Pavos | 2.000 prazas |
| 58 | 8 | Polo curral ecolóxico | 1.500 prazas |
| 59 | 0 | Poñedoras | 4.500 prazas |
| 59 | 2 | Recría int. batería | 1.000 prazas |
| 59 | 3 | Recría int. chan | 600 prazas |
| 59 | 4 | Poñedora ovo para incubar | 2.500 prazas |
| 59 | 5 | Poñedoras campeiras | 2.000 prazas |

No caso de orientacións produtivas non incluídas neste cadro, unha vez revisadas todas as solicitudes, a persoa titular da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias actualizará este cadro coas novas orientacións produtivas.

3. Priorización e compromisos por UTA.

A existencia das UTA no momento da solicitude será o que se teña en conta para estes efectos, e en ningún caso contarán para os criterios de prioridade de creación de emprego.

Exceptúase o caso de plans de mellora conxuntos a incorporacións, en que as UTA futuras determinasen estes límites, xa que se entende como compromiso adquirido dentro do plan de empresa. Terase en consideración o seguinte:

– As UTA que contabilicen na situación futura, a maiores das xa existentes, serán as das persoas mozas que se incorporen, as creadas como emprego adicional e, no caso de explotacións de nova creación constituídas por persoas xurídicas, as persoas socias que se incorporen á actividade agraria e non poidan ser beneficiarias da axuda.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

– As UTA creadas como emprego adicional pola persoa moza que se incorpora, que bonificará a prima de incorporación e priorizará a solicitude, serán por contrato laboral e en ningún caso poderán estar vinculadas á titularidade da explotación como persoa socia de entidade asociativa, parella do titular da explotación ou familiar en primeiro grao de consanguinidade; poderá admitirse o familiar de segundo grao de consanguinidade ou primeiro de afinidade sempre que poida demostrar que non convive co titular.

Por outro lado, o investimento asociado á existencia dunha cantidade de UTA ou a bonificación por creación de emprego na prima de incorporación implicará o requisito obrigatorio de manter esa cantidade de UTA desde a solicitude ata a fin do período de compromisos.

Sen prexuízo do dito no parágrafo anterior e do disposto na orde de axudas, cómpre especificar unha serie de cuestións interpretativas sobre as UTA da explotación e o seu mantemento

a) No momento da solicitude de calquera das axudas das tres submedidas, haberá que especificar as UTA iniciais existentes na explotación e as UTA previstas, que poderán ser neste caso maiores, iguais ou menores. No caso de que as UTA previstas sexan menores, a explotación deberá cumprir os requisitos nesa situación polo que, para ser admitida a solicitude, o límite máximo de investimentos non superará o importe nesa situación.

b) En xeral, unha vez certificada e pagada a axuda cumprindo o número de UTA na situación prevista, se nas explotacións en que traballa máis dunha UTA, algunha destas causase baixa durante o período de compromisos e non se utilizou para cumprir os requisitos ou obter beneficios económicos ou de prioridade fixados na orde, non será de obrigada substitución.

c) Se unha vez certificada e pagada unha axuda, durante o período de compromisos, algunha UTA asalariada desaparece da explotación por falecemento ou incapacidade laboral permanente concedida pola Seguridade Social, a explotación non quedará exenta da substitución da UTA se esa UTA serviu para cumprir os requisitos, ou obter beneficios económicos ou de prioridade fixados na orde.

No caso de que algunha das UTA comprometidas cause baixa, deberá substituírse no prazo máximo de 3 meses. Poderán realizarse cambios sen limitación en número, pero é requisito indispensable que existan as UTA nun período de tempo mínimo do 80 % do período de compromisos.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

4. Permisos, autorizacións e outra documentación.

Para que unha axuda poida ser aprobada deberá obter as licenzas e outras autorizacións, informes ou permisos necesarios para a realización de calquera dos gastos ou investimentos recollidos nas solicitudes. Se o investimento só require da presentación dunha comunicación previa ante o organismo competente, deberá xuntarse copia do procedemento que así o permita e da comunicación realizada en tempo e forma.

O solicitante titular ou futuro titular dunha explotación agraria ten que ser coñecedor da documentación requirida para executar as actuacións previstas na súa solicitude (por exemplo, unha solicitude que inclúa un pozo na demarcación hidrográfica Galicia-Costa necesita unha comunicación ou autorización de captación expedida polo organismo Augas de Galicia en función do caudal).

No caso de realizar novas construcións, a forma de acreditación da dispoñibilidade do terreo será: título de propiedade, certificado catastral, recibo de pagamento do IBI (emitido polo Concello ou polo organismo encargado de xestionar o imposto), contrato de arrendamento ou cesión de uso, acompañado de documento que acredite a titularidade do arrendador ou cedente. No caso das persoas mozas que se incorporan nunha explotación como titulares exclusivos ou cunha figura asociativa de nova constitución, poderán comprometerse a ter realizado este requisito no momento en que soliciten o pagamento do primeiro tramo da axuda.

5. Obrigas.

Tanto no momento da solicitude como naquel en que se solicite o pagamento da axuda o beneficiario deberá estar ao día das obrigas especificadas na orde.

É importante destacar que a normativa e a programación orzamentaria obrigan a ser estrito na pronta resolución destas situacións, polo que se aclara nesta norma o proceso que se seguirá. Cando nos cruzamentos de datos entre organismos públicos aparezan incumprimentos, daráselle ao solicitante un prazo de emenda de dez días, mediante requirimento de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En caso de non acreditar suficientemente nese prazo, considerarase que desistiu na súa solicitude ou comezará un procedemento de perda de dereito ao cobramento da axuda, se está xa está recoñecida.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

6. Plan empresarial.

As solicitudes de axudas á incorporación e para pequenas explotacións deberán presentar un plan empresarial que deberá cumprir cos requisitos establecidos na orde.

O plan empresarial debe especificar con claridade o tipo de dedicación do titular da explotación, indicando se a ocupación é a tempo completo, parcial pero con dedicación dunha UTA completa, ou parcial con dedicación de 0,5 UTA.

A exixencia de que estea realizado por un técnico competente obedece á obriga de que sexa un plan presentado polo solicitante, no cal debe propoñer un modelo de negocio para a súa futura incorporación ou mantemento da viabilidade da explotación, e que contará con especificacións técnicas sobre a actividade agraria.

Existe unha serie de requisitos mínimos para o plan de empresa e os datos que nel se presenten, especificados na orde de axudas e nesta norma complementaria. Ademais, para a súa validación os técnicos da consellería realizarán un estudo, estandarizado na aplicación informática de xestión da axuda, como garante da viabilidade da proposta, en que se utilizarán os datos facilitados no plan, que estean axeitadamente xustificados ou ben os recollidos dos estudos técnico-económicos de que dispón a consellería.

Non servirá como garantía de validación dos datos técnicos e económicos do plan a simple sinatura do técnico competente ou do colexio profesional, se non están desenvolvidos, explicados e avalados documentalmente.

No caso do plan empresarial da axuda de pequenas explotacións, fusionaranse as fases previa e de inicio que se especifican para a incorporación.

Nestas pequenas explotacións, para que a axuda poida ser proposta para a aprobación, o plan deberá incorporar con carácter obrigatorio actuacións cuantificables ou investimentos que deberán ser xustificados do mesmo xeito que o resto dos previstos na orde de axudas. Deberá ser posible para os técnicos da consellería realizar unha comprobación do non inicio destas actuacións previa á aprobación e poder comprobar a súa existencia no momento da certificación.

No momento da certificación da correcta aplicación do plan empresarial, deberá estar á disposición dos técnicos da Consellería do Medio Rural encargados de realizala unha copia do plan empresarial coas últimas modificacións aceptadas.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

7. Criterios de prioridade.

A maior parte dos criterios de prioridade utilizados para a aplicación da concorrencia competitiva son avaliables dun xeito directo mediante o intercambio de información entre os distintos órganos das administracións públicas. Porén, algún deles debe cumprir unha serie de condicións que convén especificar a fin de dar publicidade á obxectividade con que se valoran as solicitudes:

– Primeira instalación simultánea cun proxecto apoiado pola submedida 4.1. No caso de que unha persoa moza solicite simultaneamente un plan de mellora e este non sexa aprobado por concorrencia competitiva, optará aos puntos sempre que teña realizado o plan cando conclúa a execución do seu plan de empresa.

– Investimentos en produción de trigo das variedades Callobre e/ou Caaveiro. Consideraranse investimentos en trigo Callobre ou Caaveiro as sementadoras/colleitadoras de cereal, as fertilizadoras, os pulverizadores, os peches, drenaxes ou rozas da parcela en que se cultive e os almacéns en que se almacene o trigo ou se garde a maquinaria.

– Para a contabilización dos investimentos que supoñan unha porcentaxe do investimento elixible ou total elixible (é a cifra resultante de sumar o importe elixible de todos os investimentos obxecto de axuda), teranse en conta os que sexan específicos para estas causas. Polo tanto, será necesario que se soliciten como «outros investimentos» e non formando parte doutros; por exemplo, a colocación dun dispositivo de captura de emisións de $CO_2$ nunha nave avícola para aproveitamento noutro uso non se solicitará no módulo da nave avícola se non é un elemento obrigatorio legalmente, senón que se solicitará xunto coas *pro forma* utilizando o módulo de «outros investimentos avicultura».

8. Explotacións de autoconsumo.

Resulta importante que, para os efectos desta orde de axudas, se diferencie correctamente entre o que se considera unha explotación agraria comercial e unha explotación agraria de autoconsumo, xa que non existe unha norma especifica e única para definilas.

Consideraranse exceptuadas en todo caso as persoas mozas que sexan titulares dunha explotación de autoconsumo, que poderán acceder ás axudas nas mesmas condicións que o resto.

– Definiranse como explotacións de autoconsumo aquelas que teñen destinada a súa produción ao consumo familiar, sen teren declarados ingresos agrarios por ela.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

En canto a dimensións, deberán cumprir as seguintes características:

– Non dispoñer de máis de 250 m² de invernadoiro para cultivo de hortalizas.

– Non cultivar máis de 500 m² de hortalizas ao aire libre.

– Non cultivar máis de 1.000 m² de patacas.

– Non cultivar máis de 1.000 m² de vide.

– En vacún de leite, un máximo de dúas vacas e as súas crías.

– En vacún de carne, dúas vacas e as súas crías ou dúas xovencas para cebar, se é en explotación intensiva, e catro vacas en extensiva.

– En porcino, permitiranse ata dúas reprodutoras coas súas crías para cebar ou a ceba de ata cinco porcos ao ano.

– Na explotación avícola de carne non se permitirá a tenza de naves especificas destinadas a cría ou posta e, en todo caso, a produción será menor de 210 quilos en equivalente de peso vivo de ave ao ano.

– En avícola de posta de ovos, ata 15 poñedoras.

– En cunicultura, o censo máximo de reprodutoras será de cinco.

– O máximo número de animais ovino-cabrún será de 10 e as súas crías.

– O máximo número de équidos será de 5.

– Os apicultores, non teren máis de 15 colmeas.

Permitiranse combinacións entre estas dimensións.

9. Consideracións xerais sobre os beneficiarios.

9.1. Agricultor activo.

Considerarase agricultor activo aquela persoa física ou xurídica que cumpra o disposto no Real decreto 1075/2014 e, en especial, leve a cabo unha actividade que poderá con-

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

sistir na produción ou cultivo de produtos agrarios, incluídos a colleita, a muxidura ou o mantemento de animais ou cultivos.

Debe acreditar, no período impositivo dispoñible máis recente, que ten ingresos agrarios e que, polo menos, o 20 % dos seus ingresos agrarios totais son distintos dos pagamentos directos da PAC. En caso de non dispoñer de ingresos agrarios maiores do 20 % dos pagamentos directos, podería ser considerado agricultor activo, pero quedaría incluído como factor de risco para efectos de controis, en que se comprobará se é titular dunha explotación agrícola ou gandeira e se asume directamente o risco empresarial derivado da actividade que declara, para o cal achegará a documentación que xustifique os custos en que incorre e, se for o caso, os xustificantes dos ingresos. Comprobarase, tamén, se for o caso, que mantén as superficies da súa explotación nun estado axeitado para o pasto ou cultivo e que non se atopan en estado de abandono.

Considerarase normativa básica para estes efectos o Regulamento delegado (UE) nº 639/2014 da Comisión, e terase en consideración a ficha técnica número 1 sobre a nova PAC do MAPAMA.

9.2. Beneficiario de axudas de incorporación.

As distintas modalidades de incorporación previstas na orde dan lugar ás seguintes consideracións:

– A modalidade 2 de cotitularidade correspóndese coa figura recollida no artigo 18 da Lei 19/1995, de modernización das explotacións agrarias.

– Na modalidade 3, ademais da casuística máis habitual, prevese a posibilidade de que a sociedade constituída poida ser para a nova creación dunha explotación agraria non existente anteriormente, sen ser necesario que todas as persoas socias sexan persoas mozas, mesmo no caso de presentar un plan de mellora conxunto.

– A modalidade 4 regúlase pola Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, e pretende promover, para efectos administrativos, a titularidade compartida das explotacións agrarias entre os cónxuxes ou persoas ligadas cunha relación de análoga afectividade, inscritas nalgún rexistro público.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

9.3. Consideracións sobre a man de obra da explotación e o cómputo de UTA.

1. Titular que só cotiza ao réxime autónomo agrario. Computa como 1 UTA. Non se aceptará que nestes casos o titular alegue dedicación a tempo parcial coa finalidade de contabilizar como 0,5 UTA.

2. Titular que cotiza autónomo agrario e réxime xeral.

2.1. Con contrato a tempo parcial a media xornada ou menos. Computa como 1 UTA.

2.2. Con contrato a tempo parcial de máis de media xornada. Computa 0,5 UTA.

2.3. Con contrato a tempo completo, e que non supere o tempo equivalente de 6 meses. Computa 0,5 UTA.

3. Titular que cotiza autónomo (dúas actividades, agraria e outra non agraria).

3.1. Se a actividade principal é a agraria: computa 1 UTA.

3.2. Se a actividade principal é outra: computa 0,5 UTA.

No caso de non poder acreditar a actividade principal mediante documentación da Seguridade Social (informe de vida laboral ou certificado de actividades), o beneficiario poderá xustificar a actividade principal mediante a declaración de IRPF, considerando a de maiores rendementos.

4. No caso de agricultores que sexan socios de varias explotacións, estes poderán computar como máximo só unha UTA. Naqueles supostos en que esa persoa xa estea a computar como 1 UTA dunha das explotacións, nas restantes explotacións computará 0 UTA.

5. No caso de incorporación de mozos teranse en conta as distintas situacións laborais en que poden atoparse no período en que están executando o seu plan empresarial. Como norma xeral comprobarase a situación laboral no día de finalización do plan empresarial mediante o informe de vida laboral, e será posible que manteñan traballos en períodos anteriores a fin de complementar os seus ingresos mentres acadan a viabilidade prevista, nas seguintes situacións:

5.1. Os contratos fixos de tipo descontinuo consideraranse vixentes en todo momento a non ser que o mozo demostre que causou baixa definitiva.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

5.2. Os contratos esporádicos, na comarca ou comarcas limítrofes da explotación, de duración de non máis dun día a tempo completo ou de 2 días a tempo parcial cun máximo de 20 días ao ano non computarán no cálculo da UTA.

5.3. Os mozos que inicien a actividade sen a existencia previa de explotación agraria e de xeito simultáneo realicen un plan de mellora poderán xustificar esta última axuda, a acreditación dos compromisos relativos á consideración da condición de UTA e agricultor profesional coa finalización do plan de empresa.

As situacións citadas non poderán servir de xustificación de eventuais incumprimentos na consideración de agricultor profesional do mozo nas circunstancias previstas na convocatoria.

10. A instalación de persoas agricultoras mozas e os gastos auxiliables.

10.1. Cumprimento do plan de empresa.

O plan de empresa deberá comezar a aplicarse inmediatamente despois da instalación efectiva. Admitirase a progresividade da instalación, pero non poden entenderse os 24 meses desde a instalación efectiva como un prazo para poñer en marcha a explotación.

A certificación do cumprimento do plan empresarial corresponde aos técnicos da Consellería do Medio Rural, polo que deberá facilitárselles a información que soliciten acerca do procedemento e atender as recomendacións que, de consideralo oportuno, farán por escrito.

O cumprimento dos requisitos especificados na orde exceptuarase para a existencia de ingresos agrarios nos casos de orientacións produtivas con longos períodos de entrada en produción.

Esta excepcionalidade permite que, para determinadas orientacións produtivas, aos titulares se lles certifique o plan empresarial se o proceso de plantación e os labores culturais se realizaron axeitadamente durante os 24 meses. Deberán aceptar unha ampliación do período de compromiso, que estende a súa permanencia na actividade desde a instalación, para cubrir o atraso na entrada en produción, segundo a seguinte relación:

| Actividade (orientación prod.) | Prazo para entrada en produción (anos) | Período de compromiso de permanencia (anos) |
|---|---|---|
| 1. Viticultura | 5 | 8 |
| 2. Pequenos froitos: (arandos, framboesas, grosellas e amoras) | 3 | 6 |

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

| Actividade (orientación prod.) | Prazo para entrada en produción (anos) | Período de compromiso de permanencia (anos) |
|---|---|---|
| 3. Fruticultura | 5 | 8 |
| 4. Viveiros: árbores de produción | 3 | 6 |

10.2. Cumprimento da condición de agricultor profesional.

Terán a condición de agricultor profesional aquelas persoas mozas que se instalaron nunha explotación de nova creación para os efectos das axudas de incorporación, e os mozos que simultaneamente realizan un plan de mellora para os efectos da axuda de apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, cando poidan presentar a seguinte documentación:

• Algunha facturación de ingresos da explotación ou gastos en consumibles agrarios para produción primaria (preferiblemente alimento de animais, fertilizantes ou tratamentos).

• Informe de vida laboral con actividade agraria exclusiva.

• Declaración xurada de cumprimento da condición de agricultor profesional e compromiso/autorización de presentación/consulta de declaración de IRPF inmediatamente posterior que demostre esa condición.

Nos casos de cultivos con longas entradas en produción, exceptuados de acordo co punto anterior, comprobarase a condición de AP dende o momento que presenten a primeira declaración de IRPF con ingresos agrarios.

10.3. Gastos auxiliables.

A característica especial da axuda fai que só haxa que presentar xustificantes cando se obteña un incremento da prima por volume de gasto.

Considérase un gasto auxiliable todo aquel que a persoa moza acredite que foi necesario para levar a cabo a súa instalación ou posta en marcha da explotación. Así, entre outros, poderanse considerar elixibles:

• Xestión e asesoramento vinculados á instalación da persoa moza, honorarios de enxeñeiros, licenzas de software, gastos notariais, rexistrais, sempre que non se trate de taxas ou tributos (tales como o imposto sobre construcións, instalacións e obras).

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

• Adquisición de unidades de produción: animais e plantas que non sexan anuais.

• Todo aquel investimento auxiliable que necesite a explotación.

• A parcela en que se vai instalar a explotación principal.

En ningún caso se admitirán compras de segunda man, adquisición, construción ou mellora de vivenda, compra de dereitos de axuda ou doutro tipo, nin achegas ao capital social para xustificar gastos.

No caso de que os gastos necesarios para instalarse requiran a execución de obra civil, a compra de maquinaria ou instalacións, deberán cumprirse as mesmas condicións que se describen para a subvencionabilidade en plans de mellora. O gasto na compra da parcela principal, citada anteriormente, non estará afectado polo límite de compra de terras.

Os importes estarán, en todo caso, limitados polos módulos existentes no Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario e pola moderación de custos a que se fai referencia na orde de axudas.

11. Investimentos auxiliables en plans de mellora.

Os investimentos do plan de mellora deberán estar xustificados desde o punto de vista da situación da explotación e da súa economía. Realizarase para tal efecto un estudo técnico-económico en que quede suficientemente documentado que se mellora o rendemento global da explotación.

O estudo económico cumprirá as seguintes condicións:

– Teranse en conta as subvencións cobradas no último exercicio polo solicitante, así como as amortizacións da explotación e gastos financeiros dos préstamos solicitados no seu día.

– Para o cálculo das amortizacións, teranse en conta os investimentos desa explotación/solicitante nos reais decretos 204/1996, 613/2001 e nas convocatorias no período Feader ata a data.

– A superficie, o gando e a produción obteranse da base de datos da consellería. Será necesario que os proporcione o solicitante en caso de non tratarse de datos de declaración obrigatoria.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

– Será obrigatorio identificar todas as UTA da explotación e especificar calquera situación futura que poida influír na determinación da subvencionabilidade.

Os importes elixibles dos investimentos non poderán superar os módulos establecidos polo Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario.

A existencia de módulos baséase na aplicación de moderación de custos e prioridades de subvencionabilidade por sectores, para toda aquela máquina, instalación ou construción que se considera de interese nunha explotación agraria.

A demanda dos produtores de orientacións produtivas menos comúns de incluír novos módulos para os seus sectores, ou a eventual aparición no mercado de novos investimentos de interese para as producións, fixo recomendable a incluír módulos de carácter xeral ou abertos, normalmente codificados con claves da serie cinco mil cen.

Con calquera investimento solicitado nunha clave aberta deberá achegarse unha xustificación/memoria técnica, en que xustifiquen o incremento ou mellora das condicións de produción, a mellora da rendibilidade técnico-económica producida polo investimento, ou unha mellora das condicións de vida/traballo ou de hixiene e benestar animal exixidos por unha normativa en vigor, especificando a dita norma. Utilízanse algúns exemplos para explicar isto:

– Solicitáronse noutras convocatorias GPS para apeiros, que sen dúbida poden diminuír solapamentos entre as liñas de cultivo, ou na aplicación de tratamentos, pero o seu prezo debe estar compensado coas perdas que reducen e xustificarse, posto que a dimensión da explotación é determinante na rendibilidade.

– Os robots arrimadores de comida poden supoñer un beneficio das condicións de traballo cando dan servizo a unha explotación cun deseño axeitado dos corredores de alimentación e cun rabaño suficiente, pero non pode ser facilmente amortizado cando traballa nunha pequena explotación e durante moi pouco tempo ao día.

De non existir un módulo específico, a moderación de custos realizarase tendo en conta os tres orzamentos presentados polo solicitante e, se for o caso, o orzamento máis baixo presentado por calquera outro solicitante, se é representativo do prezo de mercado (non se trata dunha oferta puntual ou dunha liquidación de existencias).

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

Nos proxectos, para os efectos da moderación de custos, compararanse os tres orzamentos e o módulo establecido.

A elixibilidade das fosas, balsas, drenaxes, regas ou liñas subterráneas e todos aqueles investimentos que non poidan ser mostrados aos técnicos encargados da certificación das melloras comportarán o compromiso de comunicar a realización do investimento antes de proceder ao soterramento ou enchedura.

11.1. Adquisición de maquinaria agrícola.

Os investimentos en maquinaria agrícola para plans de mellora só serán elixibles sempre que se demostre a súa necesidade e adecuado dimensionamento de acordo coa capacidade produtiva da explotación no momento da solicitude.

O solicitante poderá xustificar a viabilidade de adquirir unha determinada máquina agrícola cunhas dimensións adecuadas na súa explotación. Respectará a moderación de custos achegando tres facturas ou orzamentos de acordo co exixido na orde, correspondentes a distribuidores e/ou marcas comerciais diferentes.

A subvencionalidade de toda a maquinaria agrícola que está modulada dependerá da modulación, tanto en custo como en dimensións, de que dispón o Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario. En ningún caso se poderá xustificar mediante un elemento extra ou unha definición distinta a non inclusión dunha máquina ou apeiro no módulo correspondente. Por exemplo, para unha cisterna ou un arado está modulada a cantidade máxima que se subvenciona e non pode argumentarse cisterna con sistema de inxección ou veso para incluír o investimento nun módulo libre.

No caso de seren elixibles, estes importes non poderán superar un 30 % do límite de investimento total en plans de melloras por UTA e/ou explotación no período de catro anos.

No caso de explotacións gandeiras, o investimento máximo admisible será de 1.500 €/UGM da explotación para a compra do tractor, e doutros 1.500 €/UGM para o resto da maquinaria agrícola. Poderá aplicarse esta limitación á situación final cando os outros investimentos previstos no plan de mellora a xustifiquen tecnicamente.

Para explotacións agrícolas de cultivos extensivos o investimento máximo admisible será de 4.500 €/ha de superficie de cultivo para a compra do tractor e doutros 4.500 €/ha para o resto da maquinaria.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

No caso de explotacións de horta e flor en invernadoiro, viveiros ou explotacións frutícolas, poderase incrementar este módulo ata un máximo de 30.000 €/ha, e ese será o módulo admisible ata a primeira hectárea incrementándose porcentualmente a partir desta.

No caso de tratarse de explotacións de apicultura, 150 € por colmea. Nesta orientación produtiva subvencionaranse excepcionalmente as rozadoras de man e os remolques de vehículos para traslado de colmeas, no caso de realizar transhumancia. Este tipo de remolque tamén poderá ser subvencionado para aquelas explotacións con orientación produtiva ovino/cabrún ou porco celta.

Con anterioridade á data da finalización do prazo de execución das melloras, a maquinaria e os equipamentos que se adquiran deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) a nome da persoa titular da explotación, facendo constar «máquina usada en subvención», e matriculados cando a tipoloxía da máquina o requira. Exceptúase a compra de remolque para traslado de colmeas ou gando ovino/cabrún/porco celta, que estarán obrigados a inscribir no Rexistro de Transporte Animal de Gandaría e á realización do curso de benestar animal, módulo de condutores.

Tamén se exixirá o carné de aplicador de fitosanitarios no caso de investimentos en maquinaria de aplicación de fitosanitarios.

11.2. Adquisición de terreos e bens inmobles.

11.2.1. Terreos.

Poderá subvencionarse a adquisición de terreos por un importe que non exceda o 10 % dos gastos subvencionables, así como a adquisición de bens inmobles, tendo en conta que:

– A limitación do 10 % non se aplicará á adquisición de edificacións existentes para seren rehabilitadas ou postas en uso para un novo propósito, sempre e cando o terreo en que estas se asenten non constitúa o elemento principal da adquisición.

– Non se considerará que a edificación constitúe o elemento principal dunha adquisición, cando o valor de mercado do solo exceda o valor de mercado da edificación no momento da compra. Pola contra, considerarase adquisición de terreo se a construción existente vai ser demolida.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

– Deberase presentar o certificado dun taxador independente debidamente acreditado ou dun órgano ou organismo público debidamente autorizado, en que se acredite o prezo de compra.

– Serán elixibles todas as terras de uso agrario en solo rústico.

– As terras de uso forestal e os pasteiros arbustivos serán elixibles sempre que se solicite a roturación no mesmo plan de mellora e cumpra o descrito no punto seguinte.

– Poderán considerarse elixibles os solos urbanos, urbanizables, de núcleo rural, mixtos e asimilados, ou terreos rústicos con melloras ou con edificacións só se están vinculados a soportar todo ou parte da construción ou obra civil solicitada no plan de mellora e coa licenza e permisos.

– En ningún caso se subvencionará a compra de partes de parcelas pero si de parcelas completas para anexar á explotación coa finalidade de cumprir a normativa vixente ou ampliar os elementos físicos da explotación (aínda que non sexa sobre esta nova parcela) se se realiza legalmente a agrupación.

– As parcelas estarán situadas no concello da explotación ou nun limítrofe.

– Non se subvencionarán parcelas para cultivos nas explotacións gandeiras sen terras.

– A compra debe realizarse en pleno dominio (nin usufrutos nin indivisos).

– Non se admitirán compras a familiares en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

Será obrigatorio realizar escritura pública da compra liquidada a nome do titular da explotación e presentar xustificación bancaria en que figure o nome do solicitante e do vendedor. Deberá facerse constar na escritura o compromiso de quedar afecta ao aproveitamento da explotación e manter o investimento auxiliado durante o prazo do compromiso. Deberanse cumprir as mesmas condicións da parcela orixinal, é dicir, se a parcela está inscrita no Rexistro da Propiedade na situación inicial, deberá inscribirse tamén na situación futura. Deberá presentarse a actualización do Catastro e as modificacións de titular e uso no Sixpac.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

11.2.2. Naves.

Subvencionarase a compra de naves, coa condición de que se poñan en uso cumprindo toda a normativa exixida para a orientación produtiva de que se trate.

A documentación que se presente cumprirá os requisitos comúns se se realiza obra civil e, en todo caso, presentarase reportaxe fotográfica e a memoria descritiva da nave.

A valoración da nave será o menor importe entre o prezo indicado polo beneficiario (certificado dun taxador independente debidamente acreditado ou dun órgano ou organismo público debidamente autorizado) e o prezo establecido na valoración da Atriga (Axencia Tributaria de Galicia). De todos os xeitos, o límite máximo subvencionable será o mesmo que para a construción de obra nova e coas mesmas limitacións.

A compra debe realizarse en pleno dominio (nin usufrutos nin indivisos).

Non se admitirán compras a familiares en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

Será obrigatorio realizar escritura pública da compra liquidada a nome do titular e presentar xustificación bancaria en que figure o nome do solicitante e do vendedor. Deberá facerse constar na escritura o compromiso de quedar afecta ao aproveitamento da explotación e manter o investimento auxiliado durante o prazo do compromiso. Deberanse cumprir as mesmas condicións da parcela orixinal.

Poderase considerar subvencionable a compra e a súa reforma (cumprindo os requisitos exixidos para as reformas), pero o investimento elixible non poderá superar o módulo de obra nova.

11.3. Pradeiras e rozas.

Considérase financiable a implantación de pradeiras e as rozas de matogueira para pasteiros ou outros cultivos en terreos procedentes de monte. Os terreos cualificados como agrarios para efectos dos rexistros de parcelas (Catastro e/ou Sixpac) consideraranse terreos de cultivo abandonados e non se subvencionará a súa nova posta en produción.

Para xustificar a implantación de pradeira con retirada de tocos, deberá acreditar mediante a correspondente factura (e xustificante de pagamento) a roturación con maquinaria allea á explotación.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

Xunto co resto da documentación establecida na convocatoria, o interesado deberá achegar a correspondente solicitude/autorización da Administración forestal ou a comunicación á Administración forestal, segundo o establecido no artigo 60 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

No caso de ser necesario nivelar terras, presentarase a correspondente licenza municipal.

11.4. Cercas.

Considéranse financiables as cercas de catro/cinco fíos ou de malla sobre soportes de madeira tratada, ou de madeira de castiñeiro sen tratar, ou algún outro material de longa durabilidade (pedra, formigón...).

Xustificarase o seu gasto con factura allea; non serán financiables as estacas achegadas polo propio solicitante (neste caso, o módulo máximo subvencionable reducirase nun 60 %).

Tamén nestes casos deberá achegarse plano do Catastro ou Sixpac, coa situación da parcela ou parcelas e perímetro que se quere pechar.

Serán financiables os peches que se realicen por unha normativa de obrigado cumprimento ata dous anos despois da súa publicación, coas características que a dita norma recomende.

Cando se trate de explotacións de nova construción, aínda que sexa por ampliación a outra parcela ou traslado da existente, subvencionaranse os peches coas características que a normativa especifica exixa.

11.5. Construcións agrarias.

En todos os casos, o cumprimento da diferente normativa en relación coas construcións agrícolas e gandeiras será imprescindible para o pagamento de calquera das axudas para a modernización das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos agrarios.

Como contido mínimo nos plans de mellora que prevexan investimentos en obra civil deberá incluírse plano detallado á escala mínima de 1:1000, o correspondente plano acoutado e memoria descritiva das construcións, que se adaptarán á tipoloxía da zona.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

Na memoria descritiva especificaranse, ademais, as características estéticas das construcións existentes e proxectadas.

No momento da certificación dos investimentos presentarase a certificación final de obra valorada. En referencia ao proxectista, á dirección de obra e á dirección da execución da obra, terase en conta o reflectido no capítulo III da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

De acordo coa normativa vixente, os operadores primarios empregarán auga potable ou auga limpa cando sexa necesario para evitar a contaminación, polo que, entre as melloras que soliciten, poderase incluír a instalación dunha potabilizadora naqueles casos en que non dispoñan de auga potable na corte para as operacións de muxidura e limpeza de materiais e instrumentos; recoméndase a instalación dun sistema de desinfección das augas que constará de:

– Clorador directo por inxección, con contador de dosificación.

– Depósito.

– Bomba que permita recuperar a presión á saída do depósito.

Este sistema será obrigatorio para aquelas explotacións en que a auga non sexa de abastecemento municipal e non acrediten documentalmente a súa potabilidade, antes da aprobación.

11.5.1. Cortes para vacún.

Deberase prestar especial atención á súa funcionalidade e á problemática de evacuación de xurro, tendo en conta a elevada pluviometría e os escoamentos que poden producirse de patios de exercicio, corredores de alimentación, etc., polo que deberán ter unha cuberta que ao mesmo tempo permita unha luminosidade e ventilación correctas.

11.5.1.1. Estabulación libre (clave 6128).

Considéranse incluídas na superficie da «estabulación vacún libre» do módulo de investimentos, as superficies de:

– Descanso (cubículos e corredores de acceso).

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

– Corredor de alimentación.

– Desteta e recría de xatos.

– Depósito de alimentos perecedoiros.

Será financiable a suma das devanditas superficies sen superar os 15 m²/UGM.

Non se inclúen nesa superficie a leitaría, a sala de muxidura e a zona de espera.

O módulo máximo de custo/m² comprende a totalidade dos custos das construcións (muros, cubertas, pavimentos, engrellados, portas, fiestras, cubículos, comedeiros, etc.), así como as instalacións eléctricas e de fontanaría para subministración de auga.

11.5.1.2. Estabulación trabada.

Considéranse incluídas na superficie da «estabulación vacún trabada» do módulo de investimentos as superficies de:

– Prazas de amarre.

– Corredor de alimentación.

– Comedeiros.

– Corredor de limpeza.

– Desteta e recría de xatos.

Será financiable a suma das devanditas superficies sen superar os 7,5 m²/UGM estabulada.

O módulo máximo de custo/m² comprende a totalidade dos custos das construcións (muros, cubertas, pavimentos, portas, fiestras, engrellados, canais, comedeiros, etc.), así como as instalacións eléctricas e de fontanaría para subministración de auga.

A corte deberá ter un volume mínimo de 20 m³/UGM estabulada e dispor de aberturas que subministren a ventilación suficiente.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

11.5.1.3. Estabulación completa vacún de leite.

Considéranse incluídas na superficie da «Estabulación completa vacún de leite», clave 6118 do módulo de investimentos, as superficies de:

– Descanso (cubículos e corredores de acceso).

– Corredor de alimentación.

– Desteta e recría de xatos.

– Depósito de alimentos perecedoiros.

– Leitaría.

– Sala de muxidura.

– Zona de espera.

– Oficina.

– Aseo.

– Almacén (máx. 5 % da superficie da corte).

Non se inclúen nesa superficie os silos.

O módulo máximo de custo/m² comprende a totalidade dos custos das construcións (muros, cubertas, pavimentos, engrellados, portas, fiestras, cubículos, comedeiros, etc.), así como as instalacións eléctricas e de fontanaría para subministración de auga.

A parte correspondente á corte respectará as mesmas limitacións de superficie que a corte libre ou trabada.

11.5.1.4. Estabulación completa vacún de carne.

Considéranse incluídas na superficie da «Estabulación completa vacún de carne», clave 6119 do módulo de investimentos, as superficies de:

– Descanso (cubículos e corredores de acceso).

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

– Corredor de alimentación.

– Desteta e recría de xatos.

– Depósito de alimentos perecedoiros.

– Oficina.

– Aseo

– Almacén (máx. 5 % da superficie da corte).

Non se inclúen nesa superficie os silos.

O módulo máximo de custo/m² comprende a totalidade dos custos das construcións (muros, cubertas, pavimentos, engrellados, portas, fiestras, cubículos, comedeiros, etc.), así como as instalacións eléctricas e de fontanaría para subministración de auga.

A parte correspondente á corte respectará as mesmas limitacións de superficie que a corte libre ou trabada.

No caso de investimentos en explotacións gandeiras de leite, prestarase especial atención aos seguintes aspectos:

11.5.1.5. Salas e maquinaria de muxidura.

En canto á construción da sala de muxidura, teranse en conta as seguintes consideracións:

a) Recoméndase que a obra civil da sala de muxidura non teña tabiques con portas nas entradas e saídas de acceso aos extremos do foso, para facilitar o paso da vaca á praza de muxidura.

b) Recoméndase que a sala de muxidura dispoña dunha zona de espera de 1,5 m²/vaca, preferentemente circular e con cancela con dispositivo de apertura.

c) Os paramentos verticais da sala recubriranse ata unha altura de 2 m, cun material fácil de lavar (azulexos ou pintura que cumpran a normativa de produtos para uso alimentario).

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

d) O piso do foso de muxidura será de material facilmente lavable, non esvaradío e con pendente cara a un ou varios sumidoiros.

e) Terá iluminación eléctrica cun mínimo de 10 w/m² con lámpadas fluorescentes ou iluminación equivalente.

f) O grupo de baleiro instalarase nun local alleo á sala de muxidura e á leitaría. Este local terá unha superficie mínima de 1,5 m² e unha altura mínima de 2,2 m. O motor e a bomba depresora irán separados de calquera das paredes, como mínimo, 30 cm.

g) Recoméndase que o tubo de escape da bomba depresora estea provisto dun recuperador de aceite. O extremo deste tubo estará fóra do local.

h) A sala de muxidura será un local suficientemente separado das cortes, sen comunicación directa coa leitaría, cunha separación adecuada de toda fonte de contaminación, tales como servizos, esterqueiras ou fosas de xurro, entre outros.

i) As augas de limpeza do equipamento de muxidura irán canalizadas preferentemente cara á rede de sumidoiros ou, na súa falta, cara a unha fosa específica ou fosa do xurro. As augas de limpeza da sala poderán canalizarse á fosa de xurro.

j) Para as operacións de muxidura e limpeza de materiais e instrumentos deberán contar con auga potable. De non ser así, será preciso que estea instalada unha potabilizadora de auga.

Para a maquinaria de muxidura terase en conta:

No que se refire aos robots de muxidura establécese un módulo base de 115.000 € para a primeira unidade, que aumentará en 86.250 € para a segunda e 57.500 € máis para a terceira. Para solicitar este investimento deberase comprometer unha produción de 500.000 litros que se xustificará ou ben mediante as entregas realizadas no ano natural anterior á data solicitude de pagamento ou ben pola última campaña láctea finalizada, 1.000.000 de litros para a segunda e 1.500.000 litros para a terceira unidade. Esta produción ten que acreditarse no control administrativo da solicitude de pagamento. No caso de non cumprir cos requisitos de produción, modularase o investimento elixible en función do censo gandeiro na data de solicitude de pagamento, coas mesmas limitacións que para a sala de muxidura.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

Se nos últimos cinco anos o beneficiario recibiu un pagamento das axudas de plans de mellora, plans de mellora da competitividade ou primeira instalación de persoas agricultoras mozas cun investimento certificado en sala de muxidura, non poderá solicitar a instalación dun robot, xa que incumpriría o compromiso de permanencia da sala subvencionada.

Na instalación da sala de muxidura será subvencionable unha nova, o aumento de puntos e a innovación tecnolóxica en muxidura (retirada automática, identificación e medidores).

Establécense tramos de subvención en muxidura para o período de 4 anos de subvencionabilidade, cun módulo de investimento básico (clave 8106) en maquinaria de muxidura de ata 20.000 € para unha explotación de ata 15 vacas leiteiras, ampliable por cada vaca de leite do xeito seguinte:

| | |
|---|---|
| Módulo básico ata 15 vacas | 20.000 € |
| Entre 16 e 50 vacas | 1.500 €/vaca |
| Entre 51 e 70 vacas | 1.000 €/vaca |
| Entre 71 e 100 vacas | 700 €/vaca |
| Máis de 100 vacas | 500 €/vaca |

O módulo máximo elixible virá determinado polo número de vacas indicadas na situación futura.

Os módulos establecidos inclúen instalación de muxidura completa con maquinaria, conducións, equipamentos de medida, retiradores automáticos, etc.

En todo caso o investimento máximo será de 115.000 €. Para a aplicación deste límite máximo teranse en conta os investimentos realizados ao abeiro das axudas para a modernización das explotacións agrarias, de incorporación de persoas mozas á actividade agraria e de mellora da competitividade das explotacións leiteiras desde o 1 de xaneiro de 2018.

Para subvencionar instalacións de muxidura novas en explotacións que xa dispoñían delas, débese acreditar un cambio fundamental na tecnoloxía que introduce esa instalación.

Para xustificar o cambio tecnolóxico o solicitante debe presentar unha memoria en que describa as características da instalación vella (debe xustificar que está obsoleta, facendo

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

fincapé nos problemas que está provocando ou nos obxectivos que con ela non se poden acadar) e as melloras que vai introducir coa instalación nova (pode incluír melloras sanitarias, produtivas, de condicións de traballo, etc.).

Se non se vai substituír a instalación existente, pero se pretende introducir melloras tecnolóxicas (retiradores de tetoeiras, sistemas de identificación, medidores, etc.) deberase presentar tamén unha memoria que xustifique esta innovación tecnolóxica.

Se o que se pretende é aumentar puntos de muxidura deberase acreditar un incremento da produción.

11.5.1.6. Leitaría.

11.5.1.6.1. Características xerais.

a) Terá suficiente superficie. En todo caso, a superficie mínima será aquela que permita o paso dunha persoa en torno ao tanque de refrixeración do leite e outros dispositivos propios da leitaría como receptor do leite, pía de lavado, etc.

b) Terá unha porta de entrada dun largo mínimo de 1,80 m que permita o paso do tanque. Non obstante, non terá ningunha porta de acceso directo desde os aseos, a sala de muxidura, o almacén, nin desde calquera outro punto de contaminación.

c) As paredes interiores serán lisas e lavables ata a altura do teito (pintadas ou azulexadas con materiais que cumpran a normativa de produtos para uso alimentario).

d) O solo será facilmente lavable, con pendente xeral do 1 % que evite o estancamento da auga. Se é de plaqueta, evitarase que sexa demasiado lisa para impedir accidentes por escorregamento.

e) O teito ou, se for o caso o falso teito, será de material illante a proba de roedores e cumprirá a normativa de produtos para uso alimentario. A altura mínima será de 2,30 m.

f) Terá ventilación eficaz, cunha entrada de aire das dimensións mínimas do condensador do tanque de refrixeración e situada a nivel do chan e unha saída, a ser posible, na parede oposta e na parte alta. Ambas as aberturas irán provistas dunha malla que impida o paso de roedores e insectos.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

g) Terá iluminación eléctrica, cun mínimo de 10 $w/m^2$ con lámpadas fluorescentes, ou iluminación equivalente.

h) Disporá, como mínimo, dunha toma de corrente para poder encaixar aparellos eléctricos de uso ocasional, como comprobadores de equipamento de muxidura, etc.

i) A instalación eléctrica farase de acordo co establecido no Regulamento de baixa tensión para este tipo de locais.

11.5.1.6.2. Dispositivos de hixiene.

a) Pía de lavado da muxidora con auga quente e fría.

b) Lavabo provisto de auga quente e fría, xabón e secamáns.

c) Billa no exterior, con sumidoiro, para lavar as botas.

d) Lugar para almacenar os produtos de lavado fóra do alcance dos nenos.

e) Non se poderán almacenar na leitaría pensos, ferramentas e outras substancias e utensilios que non sexan os propios para a manipulación do leite.

11.5.1.6.3. Evacuación de augas.

A leitaría terá un desaugadoiro canalizado cara a unha fosa específica, rede de sumidoiros, fosa xeral, fosa de xurro ou zona vexetal absorbente; non se admitirá que se faga a vertedura aos arredores da leitaría, camiños, cunetas, regatos, etc. Neste desaugadoiro recolleranse as augas dos sumidoiros do solo e das distintas pías instaladas.

11.5.1.6.4. Contorno da leitaría.

a) Terá unha pista de acceso sólida que poida soportar o peso do camión de recollida.

b) Diante da leitaría preverase unha superficie de formigón que chegará, como mínimo, ata o estacionamento do camión de recollida, de xeito que a mangueira da toma de leite, se é o caso, poida sempre pousar sobre unha plataforma limpa.

c) A devandita superficie terá un acabamento que a faga fácil de limpar, manterase sempre libre de xurro e acumulación de augas sucias, e terá unha boa drenaxe.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

11.5.2. Fosas de xurro e esterqueiras.

En xeral, só se subvencionarán fosas novas. A solicitude deste investimento implicará o compromiso de comunicar a súa execución antes de enchela ou, na súa falta, facilitar a certificación das dimensións e características ao técnico certificador. Deberán cumprir coas seguintes características:

a) Terán muros e fondo impermeables para evitar filtracións e contaminación das augas subterráneas.

b) Financiarase o volume necesario para completar un máximo de 26 $m^3$/UGM da explotación. No caso de volumes distintos dos establecidos, deberán xustificarse con base no manexo da explotación, especificándoo no anexo relativo á produción e xestión dos residuos da explotación.

c) Nas fosas de xurro que fosen subvencionadas coa capacidade máxima de 18 $m^3$/UGM permitirase a ampliación subvencionada ata os 26 $m^3$/UGM.

d) Estar provistas dunha parede con malla perimetral de 1,30 m de alto, como mínimo, sobre o nivel do chan. No caso de ter acceso a través dunha cancela ou porta, deberán ter pechadura.

e) Os accesos necesarios para a extracción do xurro levarán portas que se pecharán inmediatamente despois de utilizalas.

f) Estarán suficientemente distanciadas da sala de muxidura e leitaría.

g) O módulo de investimento inclúe escavación, fondo, muros e parede perimetral, incluída a malla protectora.

h) Cando se trate da nova construción dunha fosa para unha explotación de porcino, exixirase a súa cubrición para ter dereito a axuda. No caso de gando vacún, esta exixencia de cubrición limitarase a aquelas explotacións cunha carga gandeira igual ou superior a 3 UGM/ha. O requisito da carga gandeira en vacún contrastarase mediante o cruzamento de datos coas declaracións de superficies que consten en poder do Fogga e, no caso de porcino, coa capacidade rexistrada.

i) Permitirase a cubrición de fosa de xurro como investimento independente, sen necesidade de que vaia asociado á propia fosa.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

j) Tamén se permitirá a reforma da fosa, sempre e cando se amplíe a súa capacidade, como mínimo, nun 50 %. A ampliación da capacidade non pode ser unicamente en profundidade.

As esterqueiras deberán cumprir as seguintes condicións para seren admitidas como investimento subvencionable:

a) Dadas as condicións climáticas de Galicia, para evitar lavado e arrastre de substancias as esterqueiras terán que ser cubertas.

b) O módulo de investimento inclúe soleira impermeable, polo menos tres paredes ata unha altura de 1,5 metros (ou outra xustificada na memoria do investimento) e cuberta.

c) Estará suficientemente distanciada da sala de muxidura e da leitaría nas explotacións leiteiras.

d) Subvencionarase un máximo de 5 m³/UGM.

11.5.3. Silos.

a) Financiarase o volume necesario para completar un máximo de 18 m³/UGM da explotación.

b) O custo do módulo comprende os muros de formigón armado e soleira de formigón.

c) Non se financiarán as cubertas en silos.

d) Nas cabeceiras contará cunha superficie adicional de formigón de 3 m e do largo do silo, para reducir a contaminación por terra.

e) A soleira do silo terá pendente cara a adiante cunha recollida de efluentes preferentemente a unha fosa específica ou, na súa falta, á fosa de xurro.

11.5.4. Almacéns.

a) Financiaranse almacéns para explotacións gandeiras ata chegar a un máximo de superficie en m² de:

S = 100 + 5 x nº UGM da explotación

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

b) O custo do módulo corresponde a almacéns cubertos, con soleira de formigón e tres laterais pechados (no caso de ser na terra, rebaixarase o modulo en 15 €).

c) O almacén deberá ter acceso fácil ao interior para máquinas e vehículos.

d) Non serán financiables como almacéns as plantas baixas das vivendas.

e) Recoméndase unha altura mínima do almacén, na parte máis baixa, de 4 metros.

11.5.5. Reformas de construcións existentes.

Cando se pretenda solicitar unha reforma dunha edificación existente haberá que ter en conta o seguinte:

a) Non se permitirán reformas en construcións que teñan menos de 10 anos de antigüidade ou fosen subvencionadas nos últimos 10 anos.

b) As reformas que se considerarán serán sobre a totalidade da construción; en ningún caso poderán admitirse reformas de partes de edificios de xeito independente, aínda que se faga obra civil unicamente nesa parte concreta.

c) A reforma ten que supoñer polo menos o 50 % do valor do edificio novo (completo), tendo en conta os módulos existentes no Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario.

d) O investimento subvencionable para unha reforma non superará o 60 % do valor do modulo de obra nova.

e) No caso de reformas das construcións xa existentes, o solicitante presentará, ademais da documentación común xa especificada para as construcións, unha reportaxe fotográfica do interior e exterior da construción que se quere reformar.

f) As melloras que se realizarán en construcións de máis de 20 anos de antigüidade non terán a consideración de reformas, pero o investimento subvencionable realizado nelas non superará o 60 % do valor do modulo de obra nova.

g) Con máis de 30 anos permítese o derrubo subvencionable e a construción de obra nova.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mflkueykph36

11.5.6. Instalacións e liñas eléctricas.

As instalacións non terán a condición de reforma e a súa elixibilidade estará condicionada ao criterio de que non se subvencionarán investimentos que supoñan unha simple substitución.

Non se considerará unha simple substitución se a instalación que se pretende cambiar ten unha antigüidade de 10 anos.

En canto ás liñas eléctricas, só é subvencionable o que se faga na propia parcela do solicitante; levar unha acometida eléctrica desde a rede pública ata a parcela non é elixible.

12. Cambios de investimentos.

Unha vez aprobado o expediente, calquera cambio sobre os investimentos que se aprobaron deberá ser solicitado.

a) Modificacións nos proxectos de edificación. O beneficiario deberá comunicar as modificacións que pretende realizar, como moi tarde, 6 meses antes de que remate o prazo de execución establecido na resolución de aprobación.

a.1. Para cambios que supoñan modificación da licenza municipal, o beneficiario deberá achegar o novo proxecto coas modificacións aprobadas xunto coa licenza modificada e co resto da documentación exixida no artigo 7 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

a.2. Os cambios que non supoñan a modificación da licenza (modificación da distribución interior...) non será necesario solicitalos, e na solicitude de pagamento entregarase o proxecto coas modificacións e coa certificación municipal de que eses cambios non supoñen a modificación da licenza orixinal xunto co resto da documentación exixida no artigo 7 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación. Se este tipo de cambios non foron solicitados e posteriormente autorizados, a axuda certificarase con base na resolución da aprobación. Así, por exemplo, se se tiñan aprobados 50 m² de leitaría e 70 m² de sala de muxidura, e ao final se realizan 60 m² de leitaría e 60 m² de sala de muxidura, certificaranse para o cobramento da axuda 50 m² de leitaría e 60 m² de sala de muxidura.

b) Modificacións no resto de investimentos. O beneficiario deberá comunicar as modificacións que pretende realizar, como moi tarde, 6 meses antes de que remate o prazo de execución establecido na resolución de aprobación.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

O prazo para resolver estes cambios será de 2 meses. Se, transcorrido o prazo para ditar a correspondente autorización, esta non se producise, o beneficiario entenderá denegada a súa petición de cambio de investimento.

Claves e módulos máximos.

A moderación de custos exixida pola regulamentación europea aplicarase mediante a comparación de ofertas diferentes e a aplicación dos módulos para aqueles investimentos incluídos neste anexo.

1. Gastos de primeira instalación.

| Clave | Descrición | Módulo € |
|---|---|---|
| 4414 | Ud. vaca carne 18 m-6 anos | 1.600,00 |
| 4415 | Ud. vaca leite 18 m-3 anos | 1.600,00 |
| 4515 | Ud. ovino/cabr 6 meses-8 anos | 290,00 |
| 4310 | Ud. enxames | 70,00 |
| 120 | 1ª anualidade arre. terra | - |
| 130 | G. notariais-Rexistro | - |
| 110 | G. diversos 1ª instalac. | - |

Os investimentos que se poden incluír na clave 0110 serán:

– Gastos de permisos, licenzas de software, gastos notariais e rexistrais orixinados pola instalación do beneficiario.

– Adquisición de dereitos de produción e dereitos a prima de carácter individual e transferible conforme a normativa vixente de carácter sectorial que resulte de aplicación.

– Custos de avais dos préstamos de primeira instalación.

Os demais gastos poderanse incluír nalgunha das claves definidas neste anexo.

2. Investimentos en aforro enerxético.

| Clave | Descrición | Módulo € |
|---|---|---|
| 9283 | Int. plac. arref. leite <60 | 4.000,00 |
| 9284 | Int. plac. arref. leite >60 | 5.800,00 |

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

| Clave | Descrición | Módulo € |
|---|---|---|
| 9285 | Sist. recup. calor <60 | 4.000,00 |
| 9286 | Sist. recup. calor >60 | 5.800,00 |
| 9287 | Variador frec. <4 | 1.400,00 |
| 9288 | Variador frec. >4 | 1.700,00 |

3. Investimento en xestión de xurros e esterco.

| Clave | Descrición | Módulo € |
|---|---|---|
| 6311 | $m^3$. Fosa xurro engrellada | 59,00 |
| 6312 | $m^3$. Fosa xurro formigón. | 73,00 |
| 6313 | $m^2$. Cubrición fosa xurro | 41,00 |
| 6314 | $m^3$. Fosa lavado-lixiviado | 59,00 |
| 6315 | $m^3$. Outras fosas (para xurros) | 30,00 |
| 6316 | $m^3$. Esterqueiro | 40,00 |
| 8212 | Ud. inxector de xurro | 12.500 |
| 8217 | Ud. aplicador/localizador de xurro ata 5 metros | 10.000 |
| 8218 | Ud. aplicador/localizador de xurro entre 5 e 10 metros | 15.000 |
| 8219 | Ud. aplicador/localizador de xurro maior de 10 metros | 20.000 |

4. Outros investimentos.

| Clave | Nome | Módulo € |
|---|---|---|
| 121 | Compra de terra | - |
| 1120 | ha. Rega aspersión | 4.600,00 |
| 1121 | ha. Rega microaspersión | 12.700,00 |
| 1130 | ha. Rega localizada | 9.700,00 |
| 1140 | ha. Outros sistemas rega | 3.000,00 |
| 1310 | ml. Pozo de barrena | 46,00 |
| 1321 | $m^3$. Balsa metálica | 31,00 |
| 1322 | $m^3$. Balsa PVC | 13,00 |
| 1323 | $m^3$. Balsa formigón (para auga) | 55,00 |
| 1330 | ml. Conducións xerais | 16,00 |
| 1340 | Gastos diversos rega | - |
| 1410 | ha. Saneamento/drenaxe | 5.100,00 |

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

| Clave | Nome | Módulo € |
|---|---|---|
| 1420 | ha. Nivelación terras | 4.000,00 |
| 1493 | m². Malla antiherba | 1,00 |
| 1494 | m². Muro de contención | 75,00 |
| 2620 | ha. Framboesa ou arandos | 39.400,00 |
| 2660 | ha. Kiwi | 33.300,00 |
| 2680 | ha. Outros cultivos froita | 7.200,00 |
| 2681 | Oliveira pro. intensiva | 8.600,00 |
| 2682 | Oliveira pro. extensiva | 4.600,00 |
| 4311 | Ud. colmea (con 1/2 alza) | 40,00 |
| 4312 | Ud. media alza | 22,00 |
| 4313 | Ud. núcleos apícolas | 35,00 |
| 4314 | Ud. excluidor apícola | 2,50 |
| 4315 | Ud. alimentador apícola | 2,00 |
| 4316 | Ud. afumador apícola | 16,00 |
| 4317 | Ud. banco de desopercular (1,5 m) | 552,00 |
| 4318 | Ud. extractor apícola (36 cadros) automático | 4.715,00 |
| 4319 | Ud. tanque de maduración apícola (400 kg) | 250,00 |
| 4320 | Outra maquinaria apícola | - |
| 4321 | Ud. alimentador de teito | 7,00 |
| 5100 | Outros investimentos | - |
| 5101 | Outros investimentos fruticultura | - |
| 5102 | Outros investimentos hortofloricultura | - |
| 5103 | Outros investimentos apicultura | - |
| 5104 | Outros investimentos vacún | - |
| 5105 | Outros investimentos ovino-cabrún | - |
| 5106 | Outros investimentos cunicultura | - |
| 5107 | Outros investimentos porcino | - |
| 5108 | Outros investimentos avicultura | - |
| 5109 | Demolicións | - |
| 5117 | Ud. manipuladora telescópica | 34.500,00 |
| 5118 | Ud. cepillo rascador | 2.300,00 |
| 5119 | Ud. contedor de cadáveres | 805,00 |
| 5120 | Ud. conxelador de cadáveres | 403,00 |

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

| Clave | Nome | Módulo € |
|---|---|---|
| 6105 | m². Estrutura nave uso agrario en madeira | - |
| 6106 | m². Envolvente nave uso agrario en madeira | - |
| 6107 | m². Acabamentos nave uso agrario en madeira | - |
| 6108 | m². Compartimentación nave uso agrario en madeira | - |
| 6109 | m². Estab. compl. v. leche sen sala de muxidura | 162,00 |
| 6111 | m². Est. v./carne trabadas | 109,00 |
| 6112 | m². Patio exerc. carne | 25,00 |
| 6113 | m². Est. ceba xatos | 118,00 |
| 6115 | St. libre car./cubic. | 132,00 |
| 6116 | m². Recría carne | 127,00 |
| 6117 | m². Sala partos carne | 82,00 |
| 6118 | m². Estab. compl. v. leite | 190,00 |
| 6119 | m². Estab. compl. v. carne | 150,00 |
| 6121 | m². Estab. v/leite traba. | 115,00 |
| 6122 | m². Patio exerc. leite | 28,00 |
| 6123 | m². Sala partos leite | 92,00 |
| 6124 | m². Est. cría-recría xov. | 127,00 |
| 6126 | m². Sala muxidura vacún | 227,00 |
| 6127 | m². Leitaría | 185,00 |
| 6128 | m². Corte libre leite | 139,00 |
| 6129 | m². Zona espera | 87,00 |
| 6130 | m². Curro ovino-cabrún | 108,00 |
| 6131 | m². Sala muxidura cabrún | 163,00 |
| 6132 | m². Ceba año-cabrito | 123,00 |
| 6133 | m². Leitaría cabrún | 178,00 |
| 6134 | m². Enfermaría | 135,00 |
| 6137 | m². Xestac.-parto porcino | 207,00 |
| 6140 | m². Aloxamento porcino | - |
| 6141 | m². Parto cría-porcino | 200,00 |
| 6142 | m². Recría porcino | 173,00 |
| 6143 | m². Cebo porcino | 140,00 |
| 6144 | m². Cebo porcino engrell. | 171,00 |
| 6145 | Ud. xestac. porcin. gaiola | 221,00 |

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

| Clave | Nome | Módulo € |
|---|---|---|
| 6146 | m². Aloxamento porcino c/c | 112,00 |
| 6147 | m². Nave semental porcino | 102,00 |
| 6148 | m². Nave repouso porcino | 85,00 |
| 6149 | m². Patio porcino | 15,00 |
| 6150 | m². Construción equino | - |
| 6154 | m². Instal. elect. cunícula | 6,30 |
| 6155 | m². Instal. fontana. cunicu. | 1,30 |
| 6156 | m². Inst sist. ref. cal. cun. | 60,00 |
| 6157 | Ud. gaiolas cunícula | 38,00 |
| 6158 | m². Nave cunícula + inst. | 230,00 |
| 6159 | Sist. autom. limpez. cunicul. | - |
| 6160 | Instalación avícola | - |
| 6163 | m². Illamento panel 3 cm | 12,00 |
| 6164 | Comedeira avícola | 44,00 |
| 6165 | ml. Bebedoiro avícola | 24,00 |
| 6166 | m². Ventilación avícola | 14,00 |
| 6167 | m². Calefacción avícola | 14,00 |
| 6171 | Ud. silo 25 m³ avícola | 2.957,00 |
| 6172 | m². Inst. coellos pechada | 137,00 |
| 6173 | m². Inst. coellos aberta | 53,00 |
| 6174 | m². Estr., cub., cerra. coell. | 77,00 |
| 6180 | m². Inst. visóns-outros pel. | 51,00 |
| 6181 | m². Calefacción porcino | 138,00 |
| 6182 | ml. Sist. aliment. comed. aví. | 69,00 |
| 6183 | Ud. sist dosif. medicinas | 1.800,00 |
| 6184 | Ud. bebedoiro avícola | 31,00 |
| 6187 | m². Sist refrixeración avi. | 10,40 |
| 6188 | ml. Poñedeira automa. galiñ. | 345,00 |
| 6189 | Ud. poñedeira manual galiñ. | 575,00 |
| 6191 | m². Corredor alim. cuberto | 66,00 |
| 6194 | m². Lazareto leite | 150,00 |
| 6195 | m² .Oficina | 140,00 |
| 6196 | m². Aseo | 162,00 |


XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| Clave | Nome | Módulo € |
|---|---|---|
| 6198 | m². Nave polos/outr. av.+ins. | 220,00 |
| 6229 | m². Alpendre | 50,00 |
| 6231 | m². Plat. formigón/soleira | 22,00 |
| 6232 | m². Almacén aberto | 75,00 |
| 6233 | m². Alm. aberto comp. cerr. | 52,00 |
| 6234 | m². Alm. pechado c/portas | 106,00 |
| 6235 | m². Alm. pech. c/p comp. cer. | 81,00 |
| 6236 | m³. Silo forr. ill. c/plat. | 41,00 |
| 6237 | m³. Silo forr. mult. c/plat. | 32,00 |
| 6320 | m². Camiño de explotación | 26,00 |
| 6333 | m. Cerca con malla | 6,40 |
| 6336 | m. Cerca tu-malla s/zócalo | 15,00 |
| 6337 | m. Cerca tu-malla con zócalo | 18,00 |
| 6340 | m². Champiñoneira e outros | - |
| 6341 | ml. Malla porco celta | 21,00 |
| 6342 | Ud. poste móbil para pastor | 1,70 |
| 6343 | ml. Cerca min. 4 fíos | 4,60 |
| 6344 | m. Cerca ou malla móbil elect. | 3,11 |
| 6510 | m². Instal. lombricultura | 23,00 |
| 6530 | m². Instalac. helicicult. | 14,00 |
| 7110 | m². Túnel semicir. horta | 18,00 |
| 7120 | m². Acolchado horta | 1,40 |
| 7131 | m². Inv. pol.-aditv. horta | 22,00 |
| 7132 | m². Inv. multit. horta | 24,00 |
| 7133 | m². Inv. madeira horta | 6,30 |
| 7140 | m². Inv. pol-vidro horta. | 69,00 |
| 7210 | m². Túnel sem-circ. flor | 18,00 |
| 7220 | m². Acolchado flor | 1,40 |
| 7231 | m². Inv. pol.-adit. flor | 22,00 |
| 7232 | m². Inv. multit. flor | 24,00 |
| 7233 | m². Inv. madeira flor | 6,30 |
| 7234 | m². Multitun. esp. flor | 23,00 |
| 7240 | m². Inv. pol.-vidro flor | 69,00 |

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

| Clave | Nome | Módulo € |
|---|---|---|
| 7241 | Inv. m-túnel policarb. 4 m | 46,00 |
| 7250 | $m^2$. Umbráculos | 6,90 |
| 7313 | ha. Pradeira destoconado | 1.700,00 |
| 7314 | ha. Pradeira sen destoc. | 932,00 |
| 7341 | ha. Imp. amor. téc. baixa | 11.100,00 |
| 7342 | ha. Imp. amor. téc. media | 12.800,00 |
| 7343 | ha. Imp. amor. téc. alta | 16.200,00 |
| 7410 | $m^2$. Implantación caravel | 11,40 |
| 7420 | $m^2$. Implantación roseira | 21,00 |
| 7430 | $m^2$. Impl. outras ornament. | 12,00 |
| 7440 | $m^2$. Impl. xerbera | 16,00 |
| 8010 | Ud. Tractor (por cv) | $4E\text{-}0{,}5x^4-0{,}0349x^3+10{,}304x^2-439{,}52x+17529$ |
| 8020 | Ud. maquin. labor. apei. | - |
| 8018 | Ud. fresadora/rotocultor (por largo de traballo, metros) | $1414{,}5x^4-21219x^3+111454x^2-233064x+169577$ |
| 8023 | Ud. rulo | 2.100,00 |
| 8024 | Ud. arado (ata tres corpos) | 3.500,00 |
| 8025 | Ud. grada discos | 9.000,00 |
| 8026 | Ud. rozadora | 5.800,00 |
| 8027 | Ud. rozadora de man | 690,00 |
| 8028 | Ud. arado (catro ou máis corpos) | 6.300,00 |
| 8031 | Ud. fertilizadora (por litros) | $5E\text{-}10x^4-4E\text{-}06x^3+0{,}0097x^2-5{,}5289x+2594{,}1$ |
| 8040 | Ud. pulverizados (por litros) | $1316{,}6e^{0{,}0013x}$ |
| 8050 | Ud. sementad.-plantadoras | 6.400,00 |
| 8051 | Ud. sementadora pratenses | 6.000,00 |
| 8052 | Ud. sementadora millo | 15.000,00 |
| 8053 | Ud. sementadora patacas | 8.100,00 |
| 8060 | Ud. colleitadora gran | 28.800,00 |
| 8061 | Ud. anciño fileirador (por largo de traballo, metros) | $-1{,}8919x^4+77{,}026x^3-941{,}49x^2+6086{,}9x-8574{,}1$ |
| 8070 | Ud. colleitadora hortaliz. | 15.000,00 |
| 8072 | Ud. grada rotativa (largo traballo >3,5 m) | 8.100,00 |
| 8073 | Ud. automatización de arrimado de comida | - |
| 8074 | Ud. robot arrimador comida | 13.800,00 |
| 8075 | Ud. encaladora arrastrada | 16.100,00 |

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

| Clave | Nome | Módulo € |
|---|---|---|
| 8076 | Ud. encamadora | 6.900,00 |
| 8077 | Ud. grada rotativa | 5.200,00 |
| 8078 | Ud. subsolador | 3.500,00 |
| 8079 | Ud. autocargador picador | 34.500,00 |
| 8081 | Ud. empacadora | 21.900,00 |
| 8082 | Ud. segadora rotativa | 9.200,00 |
| 8084 | Ud. desensiladora | 6.700,00 |
| 8086 | Ud. autocargador | 26.500,00 |
| 8087 | Ud. colleitadora forraxes | 2.300,00 |
| 8088 | Ud. rotoempacadora | 18.400,00 |
| 8089 | Ud. encintadora rotoempac. | 10.400,00 |
| 8090 | Ud. outras colleitadoras | - |
| 8091 | Ud. colleitadora patacas | 32.200,00 |
| 8092 | Ud. arrincadora patacas | 4.600,00 |
| 8093 | Ud. pa tractor | 5.800,00 |
| 8094 | Ud. carga rotopacas | 1.300,00 |
| 8095 | Ud. encintadora | 8.600,00 |
| 8096 | Ud. estendedora plástico | 4.400,00 |
| 8098 | Ud. remolque vehículo apícola/ovino/cabrún | 4.600,00 |
| 8099 | Ud. podadora de altura (froiteiras e ovino-cabrún) | 627,00 |
| 8100 | Ud. equipamentos de muxidura | - |
| 8101 | Ud. instal. muxidura praza | - |
| 8102 | Ud. instal. muxidura sala | - |
| 8103 | Ud. inst. muxidura cabrún | - |
| 8104 | Ud. robot muxidura incluídos accesorios | 115.000,00 |
| 8106 | Maquinaria muxidura vacún | - |
| 8111 | Ud. tanque refri. <2.500 l | 12.700,00 |
| 8112 | Ud. t. refrix. 2.500-4.000 l | 17.300,00 |
| 8113 | Ud. t. refrix. >4.000-6.000 l | 23.000,00 |
| 8114 | Ud. t. refrix. >6.000-10.000 l | 29.900,00 |
| 8115 | Ud. t. refrix. >10.000 l | 36.800,00 |
| 8116 | Ud. amamantadora (1 box e ata 20 colares) | 6.900,00 |
| 8117 | Ud. amamantadora (2 boxes e ata 50 colares) | 12.100,00 |

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| Clave | Nome | Módulo € |
|---|---|---|
| 8118 | Ud. amamantadora (máis de 50 becerros) | 16.700,00 |
| 8119 | Ud. amamantadora ovino-cabrún | 4.000,00 |
| 8120 | Ud. box para xatos | 288,00 |
| 8121 | Ud. empurrador sala de muxidura (crea lotes) | 12.700,00 |
| 8122 | Ud. empurrador sala de muxidura (non crea lotes) | 6.900,00 |
| 8170 | Ud. bomba de auga | 1.700,00 |
| 8193 | Ud. axitador xurro | 1.400,00 |
| 8195 | Ud. perforadora | - |
| 8196 | Ud. remolque mesturador | - |
| 8198 | Ud. bebedoiro portátil | 1.400,00 |
| 8199 | Ud. comedeiro portátil | 1.400,00 |
| 8200 | Potabilizadora | 3.200,00 |
| 8201 | Equipamento informático | 1.400,00 |
| 8202 | Ud. cámara de videovixilancia | 460,00 |
| 8220 | Ud. remolque bañeira (por toneladas) | $-2{,}2158x^3+162{,}52x^2-1455{,}6x+8965{,}9$ |
| 8221 | Ud. remolque esparexedor esterco (por toneladas) | $-5{,}8099x^4+287{,}72x^3-4848{,}4x^2+33888x-70273$ |
| 8222 | Ud. cisterna xurro (por litros) | $1579{,}7x^{1{,}1125}$ |
| 8213 | Ud. cortasilos | 3.500,00 |
| 8214 | Ud. tripuntal | 6.300,00 |
| 8215 | Ud. forquiña hidráulica | 1.100,00 |
| 8216 | Ud. palot de almacenamento (hortofr. e pataca) | - |
| 9210 | m. Electrificación liña | - |
| 9241 | Ud. grupo electróxeno <30 kW | 1.700,00 |
| 9242 | Ud. grupo electróxeno 30-40 kW | 2.700,00 |
| 9243 | Ud. grupo electróxeno >40 kW | 3.900,00 |
| 9330 | ha. roza de matogueira | 277,00 |
| 9450 | m. Sebe vexetal | 8,10 |
| 9460 | m². Adecuac edific. exist. | 14,00 |
| 9508 | Honorarios plan empresarial | 805,00 |
| 9509 | Honorarios dirección de obra | - |
| 9510 | Honorarios prox., anteprox. | - |
| 9511 | Equip. detec. celo-mamite | 19.600,00 |
| 9521 | Ud. mangada manexo | 3.500,00 |

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

| Clave | Nome | Módulo € |
|---|---|---|
| 9522 | Ud. silo penso | 3.107,00 |
| 9523 | Ud. depósito de auga | 2.486,00 |
| 9524 | Ud. automatiz. rega | 2.300,00 |
| 9526 | Ud. pastor eléctrico | 288,00 |

A clave 1420, ha. Nivelación terras necesita licenza.

A clave 4310, Ud. Enxames, contén un mínimo de 5 cadros de poboación. Comprobaranse as guías de transporte dos enxames para verificar a explotación de orixe.

A clave 5109, Demolicións, está destinada a favorecer o impacto visual das vellas construcións primando aquelas que constrúan un novo edificio, eliminando o anterior, nunha mesma parcela.

A clave 6229, m². Alpendre, refírese aos almacéns que teñen máis dun lado sen cerramentos.

A clave 6232, m². Almacén aberto, refírese aos almacéns que non están pechados, é dicir, que un dos seus lados está aberto e nos outros tres presenta cerramentos.

A clave 6233, m². Almacén aberto comp. cerr., son os almacéns en que polo menos un dos seus lados comparte o cerramento con outra edificación.

A clave 6234, m². Almacén pechado con portas, refírese aos almacéns que teñen todos os seus lados pechados.

A clave 6235, m². Almacén pechado comp. cerr., son aqueles almacéns pechados con portas nos cales polo menos un dos seus lados comparte o cerramento con outra edificación.

As superficies e os volumes que se considerarán serán os construídos.

A clave 6337, m. Cerca tu-malla con zócalo, será exclusivamente para peche sanitario, só en granxas novas.

A clave 8026, Ud. rozadora, será só maquinaria que se acople á toma de forza do tractor.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

A clave 8073, Automatización de arrimado de comida, correspóndese coa oferta de sistemas automatizados guiados por raís ou outros métodos (deberase especificar na memoria) polos que circula unha máquina que fai a función de depósito e repartición da ración.

Na clave 9460, m². Adecuac. edific. exist., o módulo establecido xa está reducido ao 60 %, ao considerar este investimento como reforma.

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36

CVE-DOG: f5oe50u5-b9e8-kgp5-c3a6-mffkueykph36



XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO VII

**COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS**

☐ MR404A - AXUDAS Á INCORPORACIÓN DE PERSOAS MOZAS Á ACTIVIDADE AGRARIA
☐ MR405A - AXUDAS PARA INVESTIMENTOS NAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS
☐ MR405B - AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PEQUENAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade, este documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

| NOME E APELIDOS | NIF | COMPROBACIÓN DE DATOS<br>Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente. | | SINATURA |
|---|---|---|---|---|
| | | | OPÓÑOME Á CONSULTA | |
| | | DNI/NIE do socio da explotación | ☐ | |
| | | Acreditación da actividade agraria por conta propia (UTA e socios da explotación) | ☐ | |
| | | Informe de vida laboral nos últimos 5 anos (UTA e socios da explotación) | ☐ | |
| | | Informe de vida laboral de empresas en que se instale a persoa moza | ☐ | |
| | | Título oficial universitario da rama agraria do redactor do plan empresarial | ☐ | |
| | | | AUTORIZO A CONSULTA | |
| | | Certificado de renda (IRPF) do socio da explotación | ◯ SI ◯ NON | |
| | | NIF da persoa socia ou titular da explotación | ◯ SI ◯ NON | |
| | | Nivel de renda agraria das persoas socias da explotación | ◯ SI ◯ NON | |
| | | Datos de vehículos do titular da explotación (só para o procedemento MR404A) | ◯ SI ◯ NON | |
| | | | OPÓÑOME Á CONSULTA | |
| | | DNI/NIE do socio da explotación | ☐ | |
| | | Acreditación da actividade agraria por conta propia (UTA e socios da explotación) | ☐ | |
| | | Informe de vida laboral nos últimos 5 anos (UTA e socios da explotación) | ☐ | |
| | | Informe de vida laboral de empresas en que se instale a persoa moza | ☐ | |
| | | Título oficial universitario da rama agraria do redactor do plan empresarial | ☐ | |
| | | | AUTORIZO A CONSULTA | |
| | | Certificado de renda (IRPF) do socio da explotación | ◯ SI ◯ NON | |
| | | NIF da persoa socia ou titular da explotación | ◯ SI ◯ NON | |
| | | Nivel de renda agraria das persoas socias da explotación | ◯ SI ◯ NON | |
| | | Datos de vehículos do titular da explotación (só para o procedemento MR404A) | ◯ SI ◯ NON | |

De non ser suficiente o espazo previsto no recadro anterior, deberanse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios.

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia



XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO VII
(continuación)

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

| | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPD, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. |
| Destinatarios dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias.<br>A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos, segundo o disposto nos artigos 125, número 2, artigo 140, números 3 a 5, e anexo XIII, número 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais |

Lugar e data

______________ , ______ de ______________ de ______

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural